

revista galega de pensamento feminista primavera 06 núm. 43 prezo: 5 euros

**andaina**



# andaina 43

## SUMARIO

- 3 Editorial
- 4 Denuncias e comentarios
- 10 Betty Friedan
- 12 Manifesto do Colectivo Hetaira en defensa dos dereitos das prostitutas
- 14 Non sairá Eva da costela de Evo
- 17 Crear ou funcionar?
- 21 Violencia contra as mulleres
- 22 E os homes...?
- 25 Diversidade sexual e valores para xestionala
- 32 A sedución de María Zambrano
- 36 O feminismo de María Zambrano. Apuntamentos para o debate
- 42 Arredor do sostén
- 44 SIT TIBI TERRA LEVIS (Que a terra che sexa leve!)
- [Viaxeiras] 48 India, meu amor
- 59 Pecaño rixinal
- 60 Pilara, de labrega a empresaria
- 62 Abaixo as armas!
- [Libros] 64 Relato de prácticas Queer desde Madrid

Revista Galega de  
Pensamento Feminista

Primavera, 2006

Apdo. 1058  
Santiago de Compostela

[www.andainamulleres.org](http://www.andainamulleres.org)  
[andaina@andainamulleres.org](mailto:andaina@andainamulleres.org)

### CONSELLO DE REDACCIÓN

Ana Arellano, Nanina Santos,  
Milagros Becerra, Felicia Estévez,  
Pilar Pérez Rey, Laura Gómez Lorenzo,  
Nadia Álvarez Fernández,  
Patricia Arias Chachero,  
Celia Balboa Guerra e  
Raquel Barreiro Paz

### COLABORAN NESTE NÚMERO

María Galindo  
Ángeles Fer  
Elo Mayo  
Amaia Beranoagirre  
Pilar Habas Luque  
Antonina Rodrigo  
Elena Laurenzi  
Margarita Ledo Andión  
Patricia Arias Chachero  
Sol García  
Ana Cibeira  
Anna Amorós Pons  
Zélia García

### DESEÑO GRÁFICO

CEBRA

### IMPRIME

Grafisant, S. L.  
D.L.: C-1.146-88

Andaina non se identifica necesariamente  
coas opinións dos artigos que aparecen  
nesta revista

# EDITORIAL

Inauguramos esta primavera con algunhas novidades: os primeiros pasos da Lei Catalá sobre o regulamento da prostitución; a creación no Congreso dos Deputados dunha comisión para estudar a conveniencia de regulamentar a prostitución voluntaria; a redacción do Anteproxecto da Lei Galega contra a violencia de xénero.

Mais, á hora de deseñar estes regulamentos, escóitanse as persoas implicadas?

Segundo as declaracións da portavoz de Hetaira (asociación pola defensa dos dereitos das prostitutas), falan por elas pero non con elas; deciden por elas e as máis das veces contra elas.

Cando se consulte outros países europeos nos que xa se puxeron en marcha distintos modelos de regulamentos, que se terá en conta? A satisfacción do Goberno (como en Suecia) pola promulgación dunha lei moralizante e ineficaz ou o malestar das prostitutas por ver perseguida a súa actividade e atopárense privadas dos seus dereitos?

Sobre a elaboración dun anteproxecto de lei galega contra a violencia de xénero, consideramos desde *Andaina* que para fornecérmonos dun instrumento valioso haberá que manter unha discusión seria sobre a violencia social e estrutural que sofren as mulleres e tamén as persoas máis vulnerábeis e desamparadas desta sociedade. Facer un calco da Lei Orgánica do Estado, chea de boas intencións pero que deliberadamente evita afondar nas causas da violencia, semellaría asumir que a nosa contribución sería deficiente xa de partida. En todo caso debería ser unha lei multisectorial que incidise fundamentalmente en dous sectores: no educativo e no económico. ☞



O pasado 23 de febreiro dixemos adeus a unha amiga, Marisa Tarrío Pérez, vinculada desde hai anos por simpatía e traballo con esta revista e co feminismo en xeral. Foise rápido e sen avisar cando menos o esperabamos. Todas as persoas que a coñeciamos temos aínda preto de nós o seu sorriso afable e quedará para sempre na nosa memoria a lembranza da muller loitadora que soubo enfrontarse con ánimo e decisión as adversidades, sempre disposta a botar unha man e comunicar o seu optimismo... Desde esta *Andaina* que ti nos axudaches a manter queremos agora mandar unha grande aperta a todos os teus seres queridos e solidarizarnos coa súa dor. Adeus amiga. ☞

# denuncias e comentarios

**Resultou unha noticia** moi sorprendente e curiosa. Unha muller brasileira de 31 anos demandou xudicialmente ao seu marido de 38 anos porque nas relacións sexuais unha vez que el chegaba ao orgasmo detiña o intercambio.

Se o sexo forma parte importante da vida conxugal e unha parte «non cumpre», por que non se vai poder tramitar a denuncia? Así pensaron as autoridades que decidiron admitila a trámite. ☞

**Contra a violencia**, contra a violencia de xénero, pola resolución pacífica dos conflitos... Échese nos a boca de palabras, écheseles a boca de palabras, porén...

Como podemos educar as persoñas pequenas nisto cando os exemplos que reciben a cotío son xusto os outros?

Que representan Bush e compañía senón a lei do máis forte, do macarra, do matón?

Que representan esas videoconsolas con xogos como Bully, videoxogo do que un grupo de nais e pais de Vilagarcía tentaron impedir a súa distribución en Galicia porque ensina como gañar aos macarras para se converter no macarra principal dun instituto a medio camiño entre internado e correccional?

Que representan tantos pais e tantas nais que se relacionan a insultos, faltas de respecto e labazadas?

Que representan tantas series de televisión de violencia e máis violencia como norma de vida?

Que representan eses profesores e profesoras autoritarios de *orden e mando* que non escoitan o alumnado porque *total para o que teñen que dicir*?

Que representan eses líderes políticos sempre en conflito e sempre ameazantes e pouco dialogantes?

Aínda non sabemos que a principal educación é co exemplo?

E... queremos ser tan hipócritas que lles falamos e transmitimos que teñen que facer e ser o que nós, a sociedade adulta, non damos? ☞

## A Facenda Pública do 2004

A estatística da Facenda Pública do 2004 (non inclúe ao País Basco nin a Navarra que teñen os seus foros) merece na cuestión dos sexos e dos xéneros, unha mirada demorada.


O salario medio declarado polos homes a Facenda é un 30% máis alto có das mulleres.

No ano 2004 mentres que os homes recibiron un salario medio de 17.964€ ao ano, o soldo medio das mulleres foi de 12.464 € ou o que é o mesmo 5.500€ menos.

Segundo a Axencia Tributaria as razóns polas que as mulleres cobran menos son:

- ▶ Teñen menor antigüidade nas empresas.
- ▶ Traballan en empregos máis precarios.
- ▶ A conciliación entre vida familiar e laboral recae sobre elas.
- ▶ Maioritariamente traballan a tempo parcial.

Evolución do salario medio anual



Fonte: Axencia Tributaria

Queda por engadir: falta de igualdade de oportunidades, escasa promoción profesional, etc., etc.

Enerxía e banca son os que mellor pagan e hostalería é o que paga peor (unha media de 8.680 €) seguido do comercio (11.360 €).

Como é isto posíbel? Elas teñen menor antigüidade nas empresas e maior precariedade nos contratos. Ademais, a conciliación da vida familiar e laboral pesa sinaladamente nos ombros delas, o emprego a tempo parcial é maioritariamente feminino e a promoción profesional discrimina clarisimamente ás mulleres outorgándolles moitas máis posibilidades a eles. E para ultimar o cadro, na comparación por comunidades, Galiza non está nas comunidades que dan a media ou por riba da media (15.657 €/ano) senón no furgón de cola. ☞

**Jordi Gironella**, de 50 anos, empresario de Girón, morreu o 31 de decembro de 2005 a mans de María Adelaida Romero. A muller degolouno, logo de sedalo porque estaba devorada polos ciumes. Logo tentou suicidarse.

Antonio López, tamén de 50 anos, o 9 de decembro de 2005 morreu no Cortijo Os Guiraos perto de Vélez Rubio (Almería), por disparos de escopeta da súa esposa de 47 anos.

As súas mortes non son consideradas violencia de xénero. Por que?

Só somos xénero as mulleres?

É isto o xénero?

Por que a Lei integral de violencia de xénero castiga de diferente forma un delito idéntico segundo o sexo de quen o cometa? Só porque na proporción de mortas e mortos é abrumadora no caso delas?

Queremos isto as mulleres? Queremos que o Estado e as súas leis nos tutelen e nos consideren máis pequenas e máis necesitadas de protección cós varóns?

Irá sendo hora de que vaíamos submetendo a reflexión a institución familiar e esa idea romántica do amor de *toda túa, só miña*, medias laranxas e príncipes azuis, na que estamos educadas e que tan prexudicial resulta. ☞

**Ingvil Aarbakke** (Bergen, Noruega, 1970 –Dinamarca, 2005) artista innovadora que legou unha visión da arte como busca de alternativas a algunhas das servidumes da actual sociedade.

Foi fundadora do Colectivo N55 en 1996 en Copenhague centrado en transformar a vida cotiá desde a arte e coa arte buscando alternativas pacíficas para conciliar o libre acceso do público ao material. Das súas propostas, algunhas rompedoras como o Sistema Concha de Caracol que se elaborou coa axuda do Instituto Henry Moore, uns cilindros de polietileno que serven de casa rodante –a alusión ao molusco– para unha persoa. Un fogar barato que permite trasladarse sen grandes custes, que poida rodar en terra e flotar en auga, que posteriormente animou a outros proxectos. No Centro de Arte Contemporáneo de Glasgow (Escocia) e en Nova York propuxo o Colectivo N55 o préstamo e intercambio gratuito de obxectos na procura dunha vida máis sinxela, auténtica e de máis respecto entre os seres humanos e a natureza.

Outro dos seus traballos creativos: poñer a disposición do público pequenos terreos repartidos polo mundo. As parcelas tiñan un dono orixinal que as brindaba á comunidade anunciando a súa localización no manual N55. Espazos así existen xa en EE. UU., Noruega e Suecia, Holanda, Suíza, Francia, Dinamarca e Romanía. ☞

**No nomeamento dos membros** para a Xunta Electoral de Galicia composta por seis persoas, tres a proposta da Presidenta do Parlamento de Galicia e tres a proposta do Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, todas as persoas propostas son varóns e todas as persoas nomeadas son tamén varóns.

Era esta a paridade que emanaba ou ía emanar desde este goberno galego?

Non hai mulleres para propoñer e nomear? Ningunha?

Seguimos con nomeamentos, tamén á hora de formar a selecta Comisión que redactará o novo Estatuto de Galiza, o Partido Socialista nomea oito Señores (*La Voz de Galicia*, 3-02-06). Oito Señores e nin unha soa flor. Que vos parece?!!!!

No Consello da Cultura Galega, todos os membros da dirección son señores. Por se isto non abondase, todas as persoas que compoñen o pleno son tamén señores.

É claro que a cultura galega é cousa de señores e as señoras, se acaso como xarrón para poñer nalgún momento algunha flor ou flores. ☞

## Non é estupendo?

Ellen Jonson Sirlleaf, Angela Merkel, Michelle Bachelet veñen incrementar o ben exíguo número de mulleres presidentas (Irlanda, Letonia, Sri Lanka, Finlandia e Filipinas). Total 8 dos centésimos de países que hai na terra. Non é apenas nada, porén aledámonos como se fose moito. E tamén é moito porque agora elas son ELAS e non en virtude dos pais, os maridos ou algun varón poderoso do que elas son sucesoras ou dependentas. E se non somos das que pensan que por ser mulleres van ser maravillosas, si pensamos que haberá máis estilos e estilos máis interesantes que os de Margaret Thatcher e o de Condoleeza Rice.

Elas e as tres primeiras ministras Helen Elizaeth Clark en Nova Zelandia, Khaleda Zia en Bangladesh e Luisa Diogo en Mozambique (e outras cantas máis ás que non son alleas as nosas conselleiras, etc.) que van abrindo máis o espazo da política para as mulleres. Merecen que as teñamos en conta. ☞

## Entrevista Carmen Briz


Selección dun par de fragmentos da entrevista que Carmen Briz fixo a María Naredo, coordinadora da Sección Española de Amnistía Internacional para os asuntos relacionados coas mulleres publicada en *Trabajadora* da Secretaría Confederal da Muller de CC. OO., núm. 18, decembro, 2005.

MN: [...] Estiven traballando nunha mancomunidade de municipios rurais de Madrid e lembro que aquelas mulleres non se sentían nada identificadas co manifesto do 25 de Novembro nin con que sufrían maltrato, até lles daba vergoña que as relacionasen na praza do pobo con estas mulleres. A violencia cotiá, os «micromachismos» son moi preocupantes. Elas falaban de violencia económica (que tiñan xusto para pasar a semana e tiñan que dar explicacións) ou que cando se apuntaban a algún taller tiñan que chegar a unha hora determinada a casa, o xeito de vestir, con quen ían... con iso si que se sentían identificadas. Creo que se está traballando demasiado coas mulleres que sofren maltrato como se fosen categorías apartadas da sociedade, de ser unha «maltratada». Cáseque todas as mulleres sentimos a violencia algunha vez por ser mulleres. A min gustaríame que a sensibilización se fixera desde esa unión. Non existe unha violencia específica que sofren unhas determinadas mulleres, que nos leva a uns determinados agresores. Na sociedade seguen existindo uns patróns de discriminación.


Hai mulleres que sofren violencia pero que se apartan dos dispositivos específicos destinados a elas. Se creas espazos de encontro entre mulleres será máis fácil que as afectadas digan qué lles sucede, se abran aos seus problemas. Non só terán o recurso da comisaría ou da denuncia.

### CB: Que facemos coas relacións amorosas entre homes e mulleres?


MN: O ensino do amor e da sexualidade ten unha relación moi directa coa violencia. A aprendizaxe da masculinidade violenta séguese promocionando desde a tele, os deportes, os videoxogos... segue primando a competencia fronte á cooperación. Esta sociedade segue a crear imbéciles emocionais, que non saben xestionar os seus conflitos e que crean danos aos que os rodean.

A xente nova segue instalada nos patróns de xénero e segue vendo os homes como os que resollen e as mulleres como as que coidan dos demais. É sorprendente como algúns mozos controlan as chamadas aos móbiles das súas parellas. Vívase con naturalidade o prototipo de home que controla, que está ciumento, que vixía o xeito de vestir. Esa idea de amor patolóxico poténciase mesmo desde os medios de comunicación. A aprendizaxe doutras formas de ser muller ou home e acabar cos mitos sobre o amor é fundamental. 

**No informe anual 2005** da Asociación de Mulleres Juristas Themis *As mulleres e a toma de decisións* salientáanse avances e retrocesos das mulleres na política así como se constata máis unha vez a invisibilidade no mundo financeiro, nas academias e nalgúns colexios profesionais (Médicos, Economistas e Veterinarios).

No sector financeiro, banca, organizacións empresariais e reais academias a presenza feminina brilla pola súa ausencia. O teito de cristal abáixase até o chan ou case. 

**Nas bandas de «latin kings»** o papel das mulleres e os valores que marcan a masculinidade resultan inquietantes.

Eles protexen ás mulleres non permitindo que anden soas, esixíndolles en ocasións favores sexuais para formar parte da organización. Só poden saír con membros da banda. Teñen que gardar loito cando rompen as súas relacións amorosas ou cando son abandonadas. De ningunha das maneiras poden ter relacións homosexuais e até cinco varóns acompañan ás mozas á porta do escusado. 

**Diante das declaracións** do secretario do Colexio de Médicos de Pontevedra criticando a intención da Consellería de garantir o dereito á interrupción voluntaria do embarazo na sanidade pública das mulleres da nosa Comunidade Autónoma, a Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública quere sinalar:

1. Que a representatividade do Colexio de Pontevedra para falar en nome de todos os profesionais da medicina está en entredito dadas as irregularidades que se produciron nas recentes eleccións colexiais, nas que se anuláron os votos de moitos colexiados por medio de enganosa lexislación, que determinaron o resultado electoral.

2. Que das súas declaracións se desprende unha clara intención de privar do dereito á interrupción voluntaria do embarazo na sanidade pública ás mulleres galegas que garante a actual lexislación sanitaria e que é incumplida reiteradamente nos servizos sanitarios da nosa Comunidade Autónoma. Esta situación supón unha discriminación da muller, sinaladamente das que teñen menor nivel económico e cultural, que teñen que recorrer á sanidade privada ou mesmo saír fóra de Galicia para exercer un dereito que lles garante a lei.

3. Resulta chocante que o representante colexial esixa que se prioricen os dereitos empresariais e corporativos dos médicos como o incremento dos concertos da sanidade pública co sector privado ou o Programa do Médico Enfermo, en detrimento das mulleres que queren exercer un dereito sanitario. Cómpre lembrar que as anteriores administracións sanitarias privilexiaron o capítulo de concertos co sector privado (foi o que máis medrou nos orzamentos autonómicos), mentres que os médicos temos poucos problemas de acceso aos servizos sanitarios (contrariamente a moitas mulleres de baixo nivel económico).

4. Actualmente non existe ningún hospital público que realice a interrupción voluntaria do embarazo (só en Ourense onde se fan menos do 3% dos abortos da sanidade pública) polo que as mulleres con problemas de saúde que precisen realizar a interrupción do seu embarazo teñen que recorrer (case na súa totalidade) aos dous centros privados que existen na nosa CC. AA. ou facelo fóra de Galicia. ☑

Manuel Martín García  
(Voceiro da Asociación Galega para a defensa da Sanidade Pública)

Boletín  
de subscrición



# andaina

Revista Galega de Pensamento Feminista

Nome .....

Apelidos .....

Enderezo .....

Localidade ..... Código Postal .....

Desexo subscribirme á Revista **Andaina**

a partir do nº .....

Prezo: *Tarifa normal*  15 € ano

*Tarifa de apoio*  16 € ano

Envío talón. Pago en efectivo

Transferencia bancaria á cta. de Andaina (Caixa Galicia CCC: 2091-0377-74-3040003301)

Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e enviar a: Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago)

Data .....

Bco/Caixa ..... Oficina .....

Localidade .....

Agradecerei-lles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade ..... Oficina .....

Dc ..... Nº de conta .....

Os recibos presentados pola revista **Andaina**. Atentamente:

Nome .....

Apelidos .....

Sinatura do/a titular da conta:



**Nos últimos dez anos o número de abortos aumentou nun 73%. De 49.367 interrupcións que houbo no ano 1995 a 84.985 que houbo no 2005.**

Os datos máis preocupantes danse entre as adolescentes menores de 18 anos: en 1995 había un 37,7% de abortos nesta franxa de idade e no ano 2005 pasouse ao 52%. Iso é un indicador de que segue fallando a formación en saúde e sexualidade entre a xente moza. Non só é falta de información senón que tamén hai falta de consciencia sobre o risco que implica unha relación sexual sen preservativo.


No ano 2004 dos 85.000 abortos practicados o 84,7% fixéronse en clínicas privadas, tamén é un dato digno de reflexión, non??

Esta cuestión confronta aos poderes públicos coa cuestión da información anticonceptiva.


Na sociedade da información esta cuestión é inquietante. Son frívolas estas mulleres e non dan importancia aos seus corpos, ao aborto, aos embarazos indesexados? Son outras as cuestións que están en xogo aquí?

A prevención de embarazos non desexados, a prevención de ETS, a información sexual e anticonceptiva non é a necesaria e a suficiente.

Evolución do aborto no Estado Español



Ademais a sanidade pública ten que resolver o acceso ao aborto voluntario e gratuíto nas mellores condicións sanitarias. Para iso é imprescindible a modificación da lei e garantir o seu cumprimento.

De todos os xeitos, quen defendemos o aborto libre e gratuíto na sanidade pública cremos que hai que acompañar estes cambios legislativos con campañas de saúde entre o público xuvenil –elas e eles– para un uso masivo de preservativos nas relacións sexuais –de todo tipo–. 

## Microviviendas


Por moito que a algúns lles moleste o proxecto de vivendas da ministra Trujillo (30 metros cadrados) o certo é que o concepto non é novo. Son moitos os arquitectos e deseñadores que veñen traballando de maneira habitual, en proxectos deste tipo.

Micro Dwellings é o nome dunha das propostas máis recentes nesta peculiar maneira de entender a vivenda. Asinado polo colectivo de deseñadores escandinavo N55 e baixo a directa responsabilidade de Ion Sørvin e Ingvil Hareide Aarbakke (falecida a finais de novembro do ano pasado).



Baseado nunha serie de módulos de baixo custo. As superficies habitábeis adquiren a forma de octaedros truncados que poden ser ensamblados entre eles para así adoptaren diferentes configuracións. As estruturas resultantes permiten a súa instalación sobre o chan, pero tamén sobre a auga e mesmo so mexridas.

O carácter modular posibilita ademais unha doada ampliación en calquera dirección e por suposto unha total liberdade á hora de instalar a vivenda. Calquera lugar serve, desde azoteas de edificacións xa existentes até a posibilidade de colocala en suspensión sobre unha ponte ou fachada.

Ademais deste curioso e interesante proxecto, N55 conta con numerosas propostas nas que redefinen o espazo, os obxectivos e a súa vinculación co ser humano. Podedes atopar máis información de todas na páxina web: [www.n55.dk](http://www.n55.dk) 



# Un San Valentín laranxa



Galiza Nova de Compostela e Andaina realizaron o pasado 14 de febreiro unha campaña sobre as relacións interpersoais co lema «**Media laranxa? Non, enteira!**» en centros de ensino medio e nas rúas da cidade. As laranxas conver-

téronse no símbolo co que darlle volta a frase tradicional que nos interpreta a todas as persoas como complemento de alguén.

Nesta data que celebra o amor pseudo-romántico máis tópico, estereotipado e inducido ao consumismo quixemos substituír os dulcorados tons pastel por un intenso e alegre laranxa, para potenciar unhas relacións amorosas de calidade baseadas no respecto mutuo entre as persoas, na igualdade e no bo trato.

Ademais das froitas, repartíronse chapas e folletos informativos sobre cómo vivir **amores de calidade**. Graouse, tamén, unha enquisa á xente nova para coñecer as súas visións do amor.

Porque consideramos que o amor é un sentimento importante e valioso nas nosas vidas é preciso reflexionar sobre aspectos socialmente aprendidos e escasamente cuestionados que nos restan autonomía e liberdade. Porque *ninguén é a media laranxa de ninguén* e ningunha personalidade se funde e complementa con outra formando un ente idealmente acabado, porque non ter parella non significa ser unha persoa incompleta, porque establecer outro tipo de relacións non supón que sexan de inferior valor ao modelo imposto, porque precisamos doutros afectos nas nosas vidas, porque os celos non son unha expresión do amor, porque as veces tratamos mal a quen máis queremos, porque as veces teimamos en querer a quen nos trata mal... é verdadeiramente importante revisar os nosos preconceitos, desaprender se cadra o interiorizado como propio, valorar as outras persoas e valorarnos a nós mesmas/os para disfrutar dunha vida intensa, libre e rica. 6





# Betty FRIEDAN

En 1974 publicábase en España un libro decisivo para o feminismo que comezaba asomar a cabeza nestes anos. Converteuse nun dos referentes importantes para as protagonistas daquel movemento. O libro, editado por Júcar e prologado por Lili Álvarez, era *La mística de la feminidad*, obra de Betty FRIEDAN (1921-2006), publicada en EE. UU. en 1963.

Cando a valente obra de Simone de Beauvoir *O segundo sexo*, publicado en Francia en 1949, en plena posguerra, facendo fronte a vaga de reaccionarismo e antifeminismo que se espalla por Norteamérica, Betty Friedan, animada por unha boa dose de coraxe e po-


lo desexo de saber qué lles pasaba ás mulleres norteamericanas da após guerra e comezos da guerra fría, aventúrase nunha investigación concienciada cun amplo traballo a pé de obra entre mulleres e tamén entrevistando a directores de revistas femininas, psicólogos, antropólogos, expertos en motivación publicitaria e en educación familiar, sociólogos...

Porque «existía unha estraña discrepancia entre a realidade das nosas vidas como mulleres e a imaxe á que intentábase axustarnos, a imaxe que chamei a “mística da feminidad”».

«É emocionante –di Lili Álvarez no prólogo á edición española–, a

descripción que fai B. Friedan do alivio que sentiron unhas poucas mulleres cando, a comezos do 59, confesáronse unhas a outras o estraño padecer que era o seu e descubriron que non eran ningunha excepción desqueixada e culpábel, senón que se trataba dun mal que as achacaba a todas».

A investigación dáse nun contexto que convén lembrar: a finais da década dos cincuenta e principios dos sesenta, na mesma época en que loitaban por obter a igualdade de dereitos cos homes, as mulleres estaban sendo reducidas de novo ao *fogar* a traveso de suxestivas construcións. En opinión de Friedan este confinamento apoiá-



**A muller que non ten ningún outro obxectivo, que non ten ningunha outra ambición de futuro, dun futuro que a proxecte alén duns poucos anos en que o seu corpo pode realizar a función biolóxica específica, comete unha sorte de suicidio [...]**

base nunha «feminidade exacerbada» e tomaba pé en construcións e influencias de Freud e Margaret Mead ou dos psicólogos funcionalistas. Nunha sociedade que ten como referente último a condición sexual, a identidade e formación feminina lógrase coa «caza do marido», que non é, pese ao trunfo que visibiliza socialmente, a realización da muller, senón o preludio

a ese bacio que converte ás mulleres en «amas de casa cansadas», ese problema que «non ten nome».

«A muller que non ten ningún outro obxectivo, que non ten ningunha outra ambición de futuro, dun futuro que a proxecte alén duns poucos anos en que o seu corpo pode realizar a función biolóxica específica, comete unha sorte de suicidio [...] A mística feminina

enterrou en vida a millóns de mulleres norteamericanas. Estas mulleres non teñen outra maneira de saír dos seus confortables campos de concentración que a través da realización dun grande esforzo...».

Betty Friedan, activista a favor dos dereitos das mulleres, xornalista, ideóloga e escritora, morreu o 4 de febreiro con 85 anos. Foi pioneira e valente. Esforzouse intelctualmente dándonos ferramentas para saber algunhas cousas que nos pasaban («o problema que non ten nome») e cómo enfrontalas.

Merece que nos acheguemos a súa obra, ao seu coñecemento e que a teñamos na nosa memoria. ☞



**Diante das declaracións do Goberno sobre a proposta da Generalitat de Cataluña de regulamentar a prostitución, o colectivo en Defensa dos Dereitos das Prostitutas Hetaira, quere manifestar:**

**1.** O informe do Instituto de la Mujer sobre a prostitución está elaborado desde unha perspectiva abolicionista chea de moralina e que contribúe a seguir estigmatizando as mulleres que exercen a prostitución por decisión propia ao reducilas a «unha mercadoría que se pode comprar, vender, alugar e explotar sexualmente con total liberdade», ou formulando que «son despoixadas da súa condición de persoa, reducíndoas a mero obxecto de pracer para o cliente». Estes tipos de consideracións negan calquera capacidade de decisión e negociación das traballadoras do sexo sobre a súa actividade, considerándoas menores de idade que deben ser protexidas aínda que non queiran.

**2.** Así mesmo, resúltanos sorprendente a súa crítica aos intentos que a lei que está elaborando a Conselleira de Interior da Generalitat fai de recortar as longas xornadas de traballo de moitas prostitutas nos clubs. Unha iniciativa interesante dadas as condicións de traballo que moitas mulleres teñen nos locais de alterne. Negar que existen estas situacións deixa as traballadoras en mans dos empresarios sen ningún dereito ao que acollerse para ter unhas condicións de traballo semellantes ás doutros traballadores.

**3.** A crítica que se fai á proposta da lei catalá sobre as inmigrantes que exercen a prostitución é dunha demagogia indignante. O problema non é que se isto se aprobase sería un reclamo para o exercicio da prostitución, senón o contrario: existen moitas mulleres que teñen medios para vivir no noso país exercendo o traballo sexual, mais que non poden obter os seus papeis porque este non é recoñecido como unha actividade lícita e legal.

# Manifiesto do

Que o Goberno asuma sen máis as posicións do informe elaborado polo Instituto de la Mujer preocupanos enormemente porque implica facerse eco das ideas máis rancias, moralistas e patriarcais. E faino da peor forma posíbel, desde posicións «supostamente» feministas, que castigan á desprotección máis absoluta un importante número de mulleres. Non é ese o feminismo que desexamos, que xulga e desestima a palabra das prostitutas, invalidando as súas opinións. Non é o feminismo que busca a solidariedade «entre todas as mulleres». Así mesmo pechar os ollos ante as discriminacións que hoxe sofren un número importante de mulleres que exercen o traballo sexual, é colaborar a que estas discriminacións se sigan producindo.

O Goberno, antes de tomar calquera posición sobre este tema, debería contar coa voz das organizacións que traballan con prostitutas e especialmente coa opinión das propias interesadas, en lugar de encargar informes elaborados desde os despachos, con moita ideoloxía



pero cunha total falta de coñecemento sobre a situación que se dá na realidade.

Reiteramos unha vez máis a necesidade de recoñecer que a pros-

titución é unha opción laboral para moitas mulleres e, en consecuencia, que se recoñezan legalmente os dereitos laborais e sociais que se derivan da mesma. 6

# Colectivo Hetaira

## en defensa dos dereitos das prostitutas

# Non sairá Eva

 MARÍA GALINDO\*

## **Din sen vergonza que gañou «o poncho e a gravata»**

É tan profundamente sedutor, envolvente e magnético o triunfo de Evo Morales que dan ganas de terse sumado ás decenas de mulleres plantadoras de coca que organizaron e prepararon a merenda para os centos de xornalistas estranxeiros que o día das eleccións almorzaron sopa de peixe con el en Ibigarzama, o pobo do Chapare onde votou Evo.

Teríámonos erguido con elas á mañanciña para ter tempo de lavar no río e entre as pernas centos de

peixes frescos; teríámonos cortado con elas os dedos para condimentar co sangue a gornición de torres de patacas e de plátanos e de iucas e de arroz. Tiverámonos submerxido coas mamilas erectas de emoción no trasfegar de servir pratos rapidamente para que eles puidesen facer as súas preguntas e Evo e a súa comitiva de homes e máis homes puidesen respostar e ademais almorzar ben nunha xornada histórica para ELES.

En Bolivia din sen vergonza que gañou «o poncho e a gravata», metáfora que sintetiza a unidade da

*Patria* e o cambio histórico que se produciu. O poncho é do indio e a gravata é do cabaleiro. E a Patria non é nai senón Pai e non representa a sociedade, senón o poder.

Salta aos ollos sen disimulo non a exclusión das mulleres, senón o uso servil de centos de nosoutras nas tarefas históricas que as esquerdas nos recoñeceron por sempre e hoxe os indixenismos perpetúan; lavar, cociñar, servir e organizalo todo con silencio de mu-

\* Mujeres Creando.

**En Bolivia din sen vergonza que gañou «o poncho e a gravata» [...] O poncho é do indio e a gravata é do cabaleiro. E a Patria non é nai senón Pai e non representa a sociedade, senón o poder**



das, con emoción de submisas, con paciencia de escravas e por suposto con devoción de amantes que aportan con pracer as noites do caudillo e as súas comitivas de turno. Claro que isto é cousa menor, por suposto que ningún xornal o co-

Sur, se concibe outro lugar para as mulleres no cambio social e sobre todo outro cambio social.

Evo é guapo, a súa pel é café como o cacao, a súa traxectoria política é de marchas e máis marchas e o seu antiimperialismo é hoxe a

mento a súa filla non tivo, non ten, nin terá ningunha importancia, ningunha. É máis, quizais o fai máis auténtico, sobre todo porque Evo non é Eva e ningunha conta ten que dar sobre o seu corpo, os seus afectos e defectos.

A dignidade que reclama Evo ao mundo non é a dignidade das mulleres, é a dignidade dos pobos indíxenas e unha con outra non son semellantes. Unha e outra dignidade aínda que na teoría deberían ser dignidades paralelas, dignidades análogas, dignidades irmás, na práctica política é hoxe unha vez máis demostrábel que patriarcalmente é posíbel reclamar unha e negar a outra. Patriarcalmente é posíbel a fraternidade entre cabaleiros e indios cimentada na innomeábel servidume das mulleres.

# da costela de Evo

**Salta aos ollos sen disimulo non a exclusión das mulleres, senón o uso servil de centos de nosotras nas tarefas históricas que as esquerdas nos recoñeceron por sempre e hoxe os indixenismos perpetúan [...]**



menta e que ningún analista o subliña, porque ninguén o ve. E sobre todo porque en ningún lugar do mundo, nin no Norte nin no

condición máis importante. Que sexa un pai irresponsábel que non pasa pensións familiares e que ata se negase a recoñecer no seu mo-

Evo apela tamén á *retórica de xénero* dos partidos neoliberais. Introduce unha cota mínima de mulleres nas súas listas, cota irrisoria (de 15 deputados uninominais, unha soa muller). Pero máis alá diso alíase ademais coas ONGs que representaron a tecnocracia de xénero para formular a alteridade e a paridade das mulleres na Asamblea Constituínte. Alteridade e paridade que será unha cota biolóxica negadora da representación política directa das mulleres. E sobre todo cota que será un freo neutralizante da representación autónoma non partidaria das mulleres na constituínte.

El reclama a dignidade de quechuas e aymaras e refírese á dos homes desas culturas. Reclama a cultura dos pobos orixinarios e refírese

ao *dereito* de acceso ao poder por parte dos homes destas culturas. A reivindicación entón resúmese no acceso ao manexo do Estado.

O peso simbólico da cor da súa pel, o peso simbólico da cachoupa sen luz nin auga onde el naceu, convulsionan os racismos da sociedade boliviana e entón Evo convértese nunca dose de esperanza que as xentes non probabamos desde hai vinte anos. Evo é un bálsamo co que a sociedade decidiu untarse as dores e os cansanzos.



### O Estado dirimente de todas as relacións sociais

Evo balsámico quere pasar o exame; manexar o Estado, levarse ben co exército onde se sente, como el mesmo di, «un soldado máis», quere ser balsámico e levarse ben con banqueiros e empresarios dándolles oportunidades para que non se pense que un *indio* é destrutivo.

Quere ser balsámico cos movementos sociais e constituílos en parte da gobernabilidade. Quere ser balsámico coas rexións e ensaiar unha suma de todas as forzas posibles ao seu goberno.

Ata aí e despois de anos de convulsión social, de corrupción desmedida e de atasco en todos os sentidos o que nos trae Evo son boas noticias e no país con máis ou menos diferenzas, todas as forzas so-

ciais desexaron o mellor ao seu goberno. Así o Estado ameaza con converterse con Evo no dirimente e devorador de todas as relacións sociais e de todos os escenarios públicos.

### Indias, putas e lesbianas xuntas, revoltas e irmandadas

Coñecedoras da forma en que o neoliberalismo utilizou e utiliza a forza de traballo das mulleres como colchón barato de sobrevi-



**Como desobedientes culturais que non vemos ningún purismo, nin ningún modelo de perfección, desmontaremos os mitos culturais da complementariedade home-muller das culturas orixinarias**

venia, propoñerémolle a Evo os desafíos das debedoras, das insolventes, das migrantes que son exiliadas do neoliberalismo.

Coñecedoras da forma en que a Igrexa Católica e sectas cristiás predicán a submisión das mulleres, condenan o divorcio e someten a humillacións os fillos e fillas de nais solteiras nas súas escolas, propoñerémolle a Evo o Estado laico e a soberanía das mulleres sobre o seu propio corpo a través da educación sexual.

Coñecedoras da forma en que o Estado extorsiona as mulleres en situación de prostitución a través da mutilación dos seus corpos para convertelos en vaxina, propoñerémolle a Evo o seguro integral para todas elas, seguro que unicamente restitúe a integridade dos seus corpos.

Como desobedientes culturais que non vemos nas culturas orixinarias ningún purismo, nin ningún modelo de perfección, desmontaremos os mitos culturais da complementariedade home-muller das culturas orixinarias.

Nosoutras aceptamos o desafío que se abre ao propoñer ao Estado como o escenario para moitas cousas importantes e neste contexto faremos as propostas que vimos coñecendo por anos, pero ao mesmo tempo sabemos que a rúa é un escenario non estatal e que a esperanza está sempre agochada na autoxestión dos movementos, na capacidade de organizarse e de construír relacións que non pasen polo Estado, máis aínda para as mulleres na construción dun suxeito político con voz propia. Máis aínda para as mulleres na construción

dun outro lugar social que non sexa o de clientas baratas de cotas biolóxicas. Moitas cousas lindas sairán deste momento histórico. Moitas propostas serán posibles agora en Bolivia, pero sen dúbida Eva non sairá da costela de Evo. ☞



ÁNGELES FER

«Cantou a cigarra durante todo o verán e ó chegar o inverno atopouse sen nada. Foi entón chorar a súa fame á formiga veciña, dicindo que lle pagaría con intereses o que comese ata que chegase a primavera. Pero a formiga non foi xenerosa e preguntoulle á cigarra, que facías ti cando facía caloríña? cantabas, non? Pois entón agora ponte a bailar».

# Crear ou funcionar?

Sempre pensei que a fábula da cigarra e a formiga era un conto para nenos, e como tal, inofensivo. Pero non é exactamente un conto. As fábulas son mais parecida as parábolas que se len os domingos na igrexa para aleccionar ós devotos da fe cristiá. Coa fábula da cigarra e a formiga, alecciónasenos, dende

cativos, nas ensinanzas da fe capitalista. É unha historia perfecta para perpetuar este sistema que premia ós que acumulan riquezas e castiga ós que prefiren vivir os catro días que pasamos aquí, sen tantas posesións, pero con máis alegría.



A acumulación é capitalismo, e o capitalismo deixa desprotexidos ós que menos teñen, non por traballaren menos, coma a cigarra, senón por non seren capaces de acumular. Porque para acumular, como facía a formiga, hai que traballar seguido. Pero traballo para todos non hai sempre.

Somos tantas e tantos os que non temos un traballo estable. Tantas e tantos os que sentimos esa constante sensación de vertixe por non saber que vai acontecer mañá, se teremos traballo ou non, se poderemos seguir pagando os prazos do coche ou do televisor. Vivimos angustiados, preocupados, agobiados por non poder posuír máis, por

Para moitas galegas e galegos das novas xeracións, acadar unha praza de funcionario na administración, ben sexa estatal ben sexa autonómica, é un obxectivo vital. Independentemente dos estudos ou da profesión que teñan escollido, teñen clara a súa vocación: ser funcionario/a.

Dende o «Vuelva usted mañana» de Larra ata os nosos días, o sistema funcional ten de sobra demostrada a súa ineficacia. Non nego que haxa funcionarios que, como honrosas excepcións, se empreguen a fondo coas tarefas que lle son asignadas e mesmo coas que lle foron encomendadas ó compañeiro da mesa do lado. Pero os máis, triste-

Todos coñecemos casos. A diferenza é que teñen que disimular un pouquiño máis a súa ineficacia.

A mentalidade funcional é terrible. E pode facer moito dano. Imaxínense vostedes un ciruxano nunha operación a corazón aberto, dicíndolle ó paciente: «Síntoo pero son as oito. Terá vostede que agardar a que entre o ciruxano da próxima quenda». Pode que non tódalas actividades profesionais sexan susceptibles de rexerse por un sistema funcional. A sanidade non, dende logo. Pero seguramente tampouco o ensino, e moitas outras. Na vida, hai profesións que non teñen horario, que non van polo convenio, que veñen canda nós para a casa, porque hai que vivir para elas e ter verdadeira vocación de axudar, de curar, de ensinar ou de crear. Este último é o caso que a min me toca.



**Na vida, hai profesións que non teñen horario, que non van polo convenio, que veñen canda nós para a casa, porque hai que vivir para elas e ter verdadeira vocación de axudar, de curar, de ensinar ou de crear**

non poder acumular o bastante como para sentirnos seguros. E comezamos a ansiar o único que nos pode sacar desta incertidume: un posto de traballo para toda a vida, ben remunerado e cunhas condicións laborais minimamente dignas. Isto, na sociedade galega actual, chámase funcionariado.

mente, gozan abondo do privilexio de ser funcionario, e preocupanse ben máis polos dereitos que polos deberes.

Que facemos entón? Controlar o traballo dos funcionarios? Para iso faría falta un organismo de control, que á súa vez estaría integrado por funcionarios, e entón volvemos ó comezo. Ademais, controlando non se arranxa nada. O mal é endógeno. A forza de ansiar un posto de funcionario, ó final, acabamos tendo todos mentalidade funcional. Tamén na empresa privada hai xente con esta mentalidade.

Son xornalista e guionista. O meu hábitat profesional móvese arredor do mundo audiovisual. Ós que traballamos neste sector gústanos crear. E a creatividade, seguramente, tampouco se leva ben co sistema funcional, que pasa se durante a xornada de traballo unha guionista non é quen de escribir unha soa liña pero se sente inspirada entre as 3 e as 5 da madrugada?, que sucede cas xornadas de 14 horas que teñen que facer os equipos das series que se rodan en Galicia?, e que fai toda esa xente cando remata esa serie ou esa pe-

lícula ou ese programa? Pois a resposta non é outra que desprotección. É un sector que non pode ofrecer estabilidade, porque as películas non se fan en serie e os programas de televisión tampouco. Alguén pode pensar que no tempo que duran estas producións, esta xente gaña o suficiente como para *gardar das risas pros choros*, pero non é así. Son salarios bastante normais e hai que recorrer á prestación por desemprego con demasiada frecuencia. Só hai unha forma de fuxir deste desamparo: traballar en Televisión de Galicia.

Nunca fun partidaria do funcionariado. E menos nun ámbito que debiera ser tan creativo e dinámico coma a televisión. Pero agora, despois de máis dunha década de contratos por obra (eu non fago edificios) ou artísticos (tam pouco actuei en ningures) e outras falcatruadas consentidas por Televisión de Galicia, estou dese-



**[...] que pasa se durante a xornada de traballo unha guionista non é quen de escribir unha soa liña pero se sinte inspirada entre as 3 e as 5 da madrugada?, que sucede cas xornadas de 14 horas que teñen que facer os equipos das series que se rodan en Galicia?**

xando que a RTVG convoque por fin oposicións. Así de complexa e contradictoria é, ás veces, a nosa existencia. E coma min, centos de profesionais do medio, están vendo nesas oposicións a única posibilidade de acadar por fin unha vida profesional digna. Pero a dignidade custa. E aquí é onde imos empezar a pagar por ela.

Eu terei que renunciar ós meus principios e pasar polo aro do funcionariado, acaso me ofrece alguén outra alternativa para conseguir unha situación laboral estable que me permita ter fillos e acceder a unha vivenda? Aínda recordo cando, hai menos de dous anos, unha

das miñas colegas tiña que andar vomitando a escondidas nos baños da TVG, sen poder dicirlle a ningún que estaba preñada para conseguir renovar o seu contrato. Sobre dicilo nestas páxinas, cando xa todas estamos fartas de sabelo, pero aí vai outra vez. Si, a desprotección é moito maior no caso das mulleres. E ante esa desprotección, a única saída é un posto de traballo fixo, onde non te vexas obrigada a ocultalo teu embarazo e mesmo a intención de ter fillos nun futuro. E postas na encrucillada, vémonos na obriga de escoller vivir dignamente e, a cambio, traizoar parte dos nosos ideais.

Mentres agardo a que esas oposicións se convoquen, non deixo de preguntarme que pasará se consigo unha praza, volverei ineficaz?, deixarei de ser creativa?, a miña vida profesional quedará limitada a un horario que cumprir e uns obxectivos mínimos pouco motivadores? Agardo que non. Os sindicatos din que esas oposicións se convocarán dentro de seis ou oito meses. Pero antes hai que resolver un conflito moi gordo e que afecta a moita xente. Hai caras coñecidas que levan anos traballando en Televisión de Galicia e que non teñen aínda unha praza fixa; na mesma situación está a xente que aprobou



O mundo audiovisual que xira arredor de Televisión de Galicia (desgraciadamente, o 80% do sector) vive momentos de incertidume. Estamos a pagar por anos de irregularidades

as oposicións do 92 e que agora reclama que se lle conceda unha praza de xeito automático (para o que se faría necesaria unha reforma do convenio colectivo). Pero as cousas non son tan sinxelas. Por sorte, a nova directiva da RTVG quere facer as cousas ben. Ó menos iso parece. De entrada, xa desapareceron do mapa as ETTs. Tamén se pretende aumenta-la produción propia, é dicir, que a xente con praza faga, dende dentro, os programas e as series que ata agora se lle encargaban a produtoras privadas, que se saltaban o convenio, contrataban fraudulentamente, explotaban ós traballadores con xornadas inhumanas e despedían cando lles petaba, fa-

cendo valer o famoso contrato por obra. A subcontrata continuará, ninguén o dubida. Porque hai compromisos grandes e porque non se poden desintegramos as grandes produtoras e deixar na rúa a moita xente que vive disto. Pero a TVG ten que toma-las rendas da súa programación. Ten que producir dende dentro e controlar cómo se produce para ela dende fora.

O mundo audiovisual que xira arredor de Televisión de Galicia (desgraciadamente, o 80% do sector) vive momentos de incertidume. Estamos a pagar por anos de irregularidades. Enfrontámonos a lagoas xurídicas do tamaño do Titicaca. Haberá que determinar cántos contratados estruturais, é dicir, cantas prazas fixas precisa realmente a RTVG e haberá tamén que publicar as listaxes de contratación temporal ás que se presentaron nada menos que 8000 solicitudes o pasado nadal.

Agora, quizais deixe de ser unha cigarra, libre e creativa, e me converta nunha formiga, constante e aburrída, pero segura, segura de que? –penso ás veces–, segu-

ra de que a vida vai seguir sendo igual de aburrída mañá?

A RTVG enfróntase a unha gran reestruturación, pero a sociedade enteira debería cambiar os seus valores e escribir fábulas máis humanas.

«[...] Cando chegou o inverno, a formiga dispúñase a disfrutar da súa despena ó quentiño, cando alguén chamou por ela dende fora. Abriu a porta e atopou á cigarra conducindo un gran coche. A cigarra dille: Vou pasar o inverno a París, poderías coidar da miña casa? A formiga respostou: Claro, sen problema, pero onde conseguiches os cartos para ir a París e mercar ese coche? A cigarra respostou: Imaxínate que eu estaba cantando nun bar a semana pasada e a un produtor francés gustoulle a miña voz. Firmei un contrato para facer *shows* en París. A propósito, precisas algo dalá? Sí, dixo a formiga. Se atopas a La Fontaine [autor da fábula orixinal] dille da miña parte que isto non se fai». ☞

PUBLICIDADE

**Librería**

**Michelena**

R. Michelena, 22  
Tel: 85 87 46 Pontevedra

librería  
**couceiro**

R. República de el Salvador, 9  
Tel: 56 58 12 Santiago

**CARTELES**

Café

Rúa do Sol, 139-141  
Tel: 35 31 66 Ferrol

# VIOLENCIA contra as mulleres\*

 ELO MAYO


A violencia contra as mulleres é unha realidade que se visibilizou grazas á loita tanto do movemento feminista como de moitas das mulleres maltratadas que durante anos e en situacións moi adversas atrevéronse a dar a cara e a denunciar estes feitos. Conseguiu-se que estas agresións deixasen de ser un problema privado da muller que o padece e se considerasen, polo menos en teoría, un problema político e social que debe implicar á sociedade no seu conxunto.

Pero, como en todos os temas, cáese con certa facilidade en esaxeracións, en falta de rigor nas análises, en visións uniformes e homoxéneas da realidade, que pouco axudan a aprofundar nos problemas e a atopar solucións.

Tamén é certo que esta violencia se expresa de múltiples formas, e aínda que todas teñen en común o fundamento nunha situación de desigualdade entre mulleres e homes e nunha subordinación das mulleres con respecto aos homes, a súa forma de se manifestar é diferente segundo quen estea implicado.

Ademais, á desigualdade entre homes e mulleres engádense a miúdo outras problemáticas que agravan a situación, como é a discapacidade, a inmigración, a opción sexual, a pobreza...

Aínda nos queda moito por reflexionar. É importante facelo cunha visión ampla e aberta a todo tipo de reflexións e ángulos a analizar. Sabendo que o tema é complexo e que ten moitas variábeis. Hai que romper esa única mirada de muller-vítima, home-verdugo que tan pouco favor nos está a facer ás mulleres.

Desde aquí imos intentar aportar reflexións que falen da violencia de xénero desde distintas miradas, desde distintas experiencias e reflexións. 

\* Artigo tirado de *Pensamento Crítico*



NON ME ENGANAS  
COA TÚA  
**DOCE  
ARMA**



# E os homes...?\*

AMAIA BERANOAGIRRE\*\*

Nestes momentos cumpriría unha revisión seria e cientificamente contrastada de cómo se están a tomar os datos e cómo se fan os cuestionarios sobre o maltrato (pero por xente independente e na que os seus postos de traballo non dependan de que a violencia de xénero exista). Sanahuja foi a primeira en dicir que houbo un aumento de denuncias falsas; datos que se confirmaron cando se publicou que o trinta por cento das denuncias no País Vasco se desestiman.

Unha porcentaxe das denuncias falsas ou infladas débese a que algúns avogados incitan as mulleres


a pór denuncias de maltrato para facilitar a separación legal; en moitos xuízos vale todo con tal de gañar. Outra porcentaxe de mulleres está utilizando a facilidade actual para pór denuncias sen que ningún o comprobe e arroupadas polo *politicamente correcto*, como instrumento de agresión e dominio das súas parellas: «se non funcionas como eu digo, denúnciate»; os homes fronte a isto non teñen ningunha defensa. Cando chega unha muller a unha institución dicindo que é maltratada, cóntase como tal, sen que se contraste a veracidade do que di (fronte á actual presión social, ningún ousa pro-

bar a veracidade ou non do testemuño dunha muller que di sufrir maltrato).

Outro dos instrumentos que se toman como referencia do maltrato é o inquérito do Instituto da Muller, cando non se sostén a metodoloxía empregada, xa que só se pasou a mulleres. Cantas das preguntas de tal cuestionario non darían positivo en caso de pasala tamén a homes?

\* Publicado en *Hika*, núms. 171-172 (2005) e en *Pensamiento Crítico*.

\*\* Amaia Beranoagirre Arteaga é psicóloga.



Outro dos instrumentos que se toman como referencia do maltrato é o inquérito do Instituto da Muller, cando non se sostén a metodoloxía empregada, xa que só se pasou á mulleres

Exemplo dalgunhas preguntas:

1. *Impídelle ver a súa familia ou ter relacións cos seus amigos?* Os homes distáncianse máis das súas familias de orixe cás mulleres; estas arrastran cara as súas familias. En canto aos amigos, cantas mulleres se enfadan e montan a bronca cando as súas parellas veñen de estar cos amigos, en vez de facer elas o mesmo, isto é, cultivar a súa vida social?

2. *Quitalle os cartos que vostede gaña ou non lle dá abondo para manterse?* Cantas mulleres controlan todos os cartos que entran en casa, dándolles *unha paga* aos homes?

3. *Fai oídos xordos ao que vostede lle di, non ten en conta a súa opinión, non escoita as súas peticións?* Cantas mulleres non queren escoitar falar dos temas que aos seus homes lles interesan? Cantas toman decisións sobre toda a familia, mesmo sobre a economía, sen ter en conta a opinión das súas parellas? Cantas mulleres non saben nin lles importa o que as súas parellas queren, lles gusta...?

13. *Enfádase sen que saiba a razón?* Que pregunten aos homes cantas veces se enfadan as súas parellas sen que saiban a razón.

14. *Diante dos fillos di cousas para non deixala en bo lugar?* Que pregunten aos homes cantas veces o fan as mulleres: «inútil, vago...». E nas separacións, son maioría as mulleres que, tendo a custodia, van alonxando os seus fillos e fillas dos pais, descalificándoos; son maioría os homes que son alonxados dos seus fillos e fillas polas súas ex no chamado *síndrome de alineación parental*.

Ben, todo o mundo poderíamos pasar as preguntas do cuestionario aos homes que coñecemos, pais, maridos, irmáns, amigos...; se se pasase ese cuestionario aos homes, podería dar como resultado que as mulleres tamén maltratan os homes. Ao meu entender creo que é un cuestionario que tipifica como maltrato condutas da vida cotiá que non o son (as relacións non son fáciles e non existen relacións sen conflito). Débese diferenciar o nivel de conflito existente en toda parella, do maltrato. Discusións fóra de ton... hainas en todas as rela-

## A dicotomía mulleres = vítimas / homes = verdugos, unha vez máis, reproduce a organización social patriarcal da que estamos imbuídos /as, ao que contribuen cada vez máis mulleres

cións; hoxe en día todo é maltrato. Isto habería que revisalo e diferencialo.

Así como os homes teñen maior forza física para ben e para mal, creo que as mulleres temos máis recursos psíquicos e emocionais tamén para ben e para mal; próbano os fenómenos do *mobbing* laboral, no que a porcentaxe maior de verdugos para coas mulleres constitúen as propias mulleres. E no *bullying* adolescente, no que os datos amosan como as agresións son tanto de rapaces como de rapazas; a diferenza é que os rapaces tenden máis ao ataque físico, e as rapazas ao psíquico (difamar, illar...). No *mobbing* laboral e no *bullying*, que son ataques psíquicos sobre todo, obsérvase que mulleres e homes non se diferencian na porcentaxe de ataques, a diferenza está en que uns usan a agresión física e as outras a psíquica.

Sabendo que as consecuencias do *mobbing* laboral –acoso psíquico– son as enfermidades somáticas, os suicidios... Os homes presentan unha taxa de suicidios tres veces maior cás mulleres. A taxa de suicidios en homes separados é seis veces superior á de casados, mentres que a separación, o divorcio non incide na taxa de suicidios das mulleres.

Sabemos que no ámbito laboral, público, é moi difícil obter probas do acoso moral; moito máis difícil é no ámbito privado; se a isto se lle engade o actual tratamento de mulleres e homes fronte á lei, e a presión socio-política e mediática que, a forza de repetir a mensaxe –mulleres vítimas / homes maltratadores–, converteuse nunha

verdade incuestionábel, os homes teñen moi difícil probar que tamén sofren maltrato. Ademais da presión social pola que están moi mal vistos os homes como vítimas.

En quince anos de traballo con mulleres puiden observar como a maior parte das mulleres que atenden manifestan unha opinión desvalorizada dos homes, solucionan as diferenzas de xénero desvalorizando e desprezando o diferente. Unha tendencia humana frecuente: ataque ao diferente dun/a mesmo/a. Unha porcentaxe importante de mulleres desvaloriza, despreza, intenta controlar os seus homes, pero sen ningunha conciencia de que estean facendo dano. É tal a presión social sobre a actual visión de maltrato (mulleres vítimas / homes verdugos), que distorsiona a posibilidade de auto-crítica por parte das mulleres; «o que elas fan sempre está xustificado». Moitas mulleres xa consideran maltrato o simple feito de que a parella se negue a facer as cousas como elas din.


Homes e mulleres maltratan e son maltratados/as, aínda que as mulleres resulten con maior número de lesións físicas pola maior forza física do home. Como coñecer a incidencia do maltrato nos homes, que posibelmente sexa principalmente psíquica e con armas de muller, como o vitimismo, a culpabilización do outro e que non se ve como acoso psíquico na actual corrente social na que se tende a instaurar como verdade social o que en realidade non é máis que o *politicamente correcto*?

Unha muller que se amosa como sufridora ou vítima, aínda que

o estea empregando para magoar a parella, fillas, fillos... ao mostrarse como vítima, tómaselle como tal; non se ve o vitimismo como arma. Cando na historia das mulleres o sufrimento é unha arma que as nais a miúdo usan para supeditar as fillas sobre todo.

A dicotomía mulleres = vítimas / homes = verdugos, unha vez máis, reproduce a organización social patriarcal da que estamos imbuídos /as, ao que contribúen cada vez máis mulleres.

Dicotomía que prexudica tanto a mulleres como a homes; aos homes porque nestes momentos están indefensos fronte á lei e a sociedade; e as mulleres porque unha vez máis se nos identifica no noso rol de vítimas, esquecendo unha das reivindicacións da psicoloxía feminina que é que as mulleres poidan integrar a agresividade manifesta como parte da súa identidade persoal e social: agresividade necesaria para pór límites, autoafirmarse, facerse respectar...

Entendo a protección positiva ás mulleres fronte á desigualdade física entre homes e mulleres. Mais no caso do maltrato psíquico, as mulleres parece que psiquicamente somos máis poderosas: maior capacidade empática, mellor manexo e verbalización das emocións, tanto propias coma dos demais, tanto para ben como para mal. Non sería necesario tomar medidas de acción positiva para protexer os homes do maltrato psicolóxico, dada a desigualdade a favor das mulleres? 



# Diversidade sexual e valores para xestionala

 PILAR HABAS LUQUE

Texto da intervención de Pilar Habas Luque o 11 de novembro de 2005 na Galería Sargadelos de Santiago, no marco do seminario organizado por *Andaina* «Ten algo que dicir o feminismo a mozas e mozos galegos?»  
(Compostela, 11 e 12 de novembro de 2005)

A sexualidade é un fenómeno complexo, ambiguo, cheo de contradicións e ao que se lle concede unha grande relevancia nas nosas sociedades. Isto non é froito da casualidade nin da natureza, senón dunha historia na que o sexual foi adquirindo un significado central.

Hoxe en día fálase moito de sexualidade, considérase que é unha faceta importante da vida, con implicacións non só individuais, senón tamén sociais e políticas; mesmo empeza a haber educación sexual; sen embargo, os prexuízos e tabús sobre ela seguen estando presentes, como podemos comprobar con algunhas das reaccións á aprobación do matrimonio homosexual, e a actitude intolerante da Igrexa.



Tolérase a sexualidade, foménase a sexualidade, algo impensábel hai trinta anos, mais... que sexualidade? Tolérase a diversidade sexual? Vese de forma positiva ou negativa? Cales son os medos? Como xestionar a pluralidade? Como entrar no debate sen caer en mitos, moralinas e prexuízos? Que valores e criterios deben rexer as relacións sexuais? Onde pór os límites?

Parece evidente que a sexualidade tamén necesita de criterios e valores consensuados socialmente e fomentados culturalmente, igual que os temos noutros ámbitos da vida (relacións interpersoais, comerciais, etc.). Pero deben ser criterios que recoñezan as diferenzas,

garantan a pluralidade, a igualdade e a vivencia positiva, ademais de respectar os dereitos individuais das persoas para decidir como queren vivir o seu corpo e os seus desexos.


Pois ben, o que pretendo é apuntar distintos temas de reflexión que considero necesarios para establecer un debate rico, amplo, útil e libre de tabús e moralina, que nos permita tratar o tema en toda a súa complexidade e buscar un marco común de valores. Valores que nos axuden a establecer criterios sobre qué é aceptábel e qué non, procurando o equilibrio entre a aceptación da diversidade e o respecto aos dereitos individuais. Valores que persigan minimizar as desigualdades, o perigo e as relacións de poder existentes, que se orienten cara a actitudes que favorezan os bos tratos, o pracer e o benestar.

Parto da idea de que o pluralismo é positivo, pois contribúe á eliminación das barreiras existentes en torno á vivencia da sexualidade, xa que a diversidade é unha realidade indiscutíbel e irredutíbel.

Barreiras que estereotipan as persoas e as prácticas coas conse-

E para començar esta reflexión creo que é imprescindible facer un repaso sobre os cambios, novas tendencias, concepcións e formas de pensar a sexualidade que existen na nosa sociedade.

1. As ideas sobre a sexualidade cambiaron moito respecto ás que había hai trinta anos. Á chegada da democracia, a loita de movementos feministas e de liberación sexual (gai, lesbiano, fundamentalmente) e a apertura ao mundo exterior cos avances que neste se produciran, permitiron que ao longo destes anos se modificasen as crenzas sobre a sexualidade, a liberdade para vivirla abertamente, para expresala, e as leis que a regulamentan. Da opresiva e unitaria norma do nacional-catolicismo que condenaba e castigaba a quen practicaba sexo fóra dos límites do matrimonio heterosexual con fins reprodutivos, pasamos a ter a posibilidade de vivir o sexo con distintas parellas, orientado ao pracer e non á reprodución (legalización de métodos anticonceptivos), ampliando as prácticas (masturbación, caricias,



**Parto da idea de que o pluralismo é positivo, pois contribúe á eliminación das barreiras existentes en torno á vivencia da sexualidade, xa que a diversidade é unha realidade indiscutíbel e irredutíbel**

cuencias para a autoafirmación, liberdade de elección, vivencia e estigma que isto implica para quen ten prácticas que saen dos modelos, pero tamén para os que non saen, que ven reducida a súa liberdade e posibilidades.

sexo oral, etc.). As mulleres poden manifestar que teñen sexualidade e desexos; os homosexuais e outras minorías como prostitutas e transsexuais loitaron contra o estigma e polos seus dereitos; despenalizáronse multitude de prácticas..., pensemos que hai tan só trinta anos as prostitutas, homosexuais, transsexuais eran considerados delinquentes e podíase detelos e castígalos; o adulterio feminino estaba penado máis fortemente có mas-

## [...] hoxe o corpo considérase máis como unha parte esencial da identidade de cada persoa. Pasou a ser un valor propio. Esta tendencia xeral maniféstase máis cruamente nas mulleres

culino, as violacións considerábanse culpa das mulleres e non se contemplaba a agresión sexual dentro do matrimonio. O sexo promiscuo e prematrimonial era sancionado socialmente, e no caso das mulleres convertíase nunha mancha que lles impediría contraer matrimonio e levar unha vida *decente*. Non se podía abortar nin utilizar anticonceptivos e a masturbación era considerada un vicio con graves consecuencias para a saúde física e mental.

Actualmente hai máis liberdade e máis tolerancia á diversidade, enténdese o sexo como forma de disfrute e pracer e como faceta importante da vida e relacións, aínda que xunto a isto conviven posicións moi conservadoras como a da Igrexa Católica. Por outro lado, o concepto de relación sexual non cambiou moito (xenital, orientado ao orgasmo e á penetración), e asistimos á aparición ou a exaltación dalgunhas tendencias que tamén inflúen na maneira en que vivimos o sexo. Por exemplo:

► **O culto ao corpo:** hoxe o corpo considérase máis como unha parte esencial da identidade de cada persoa. Pasou a ser un valor propio. Esta tendencia xeral maniféstase máis cruamente nas mulleres, ás que se nos esixe de maneira esaxerada unha boa presenza como elemento central para conseguir calquera cousa (unha relación amorosa, un traballo, unha boa consideración social, etc.). Creáronse modelos moi estritos de corpos *desexábeis* o que xera problemas á hora de vivir libre e satisfactoriamente o noso corpo nunha relación. Os

mozos xoves valoran o atractivo físico como elemento indispensable para unha relación e moitas adolescentes teñen medo a non ser o bastante atractivas e por tanto, *desexábeis*.<sup>1</sup>

► Así mesmo estamos asistindo a unha **erotización** cada vez máis esaxerada do clima social, onde todo se vende a través da sexualidade. Ademais obxetualízase a sexualidade de maneira que esta queda reducida a unha meta que se ha de acadar para ter éxito, coas mesmas formulacións que nos podemos facer para acadar metas laborais, profesionais ou económicas, como se do que se tratase fose de conseguir x ereccións, orgasmos ou penetracións, ou tal frecuencia de relacións sexuais. Queda á marxe cómo van as relacións coa outra persoa, cómo nos sentimos emocionalmente, o benestar para todo o noso corpo e as sensacións que nos pode reportar, etc. Cantidade por riba de calidade. Mesmo a partir de certa idade está mal visto ser virxe ou non ter interese polo sexo. Isto pode levar a ter relacións pouco responsábeis, pouco coidadosas ou escasamente satisfactorias.

► Engadindo a todo iso un **narcisismo hedonista** e individualista que nos leva a pensar que todo o que desexamos e que nos proporciona pracer é posíbel e positivo polo simple feito de desexalo, primando por riba de todo o pracer propio, sen pensar en consecuencias nin riscos propios e alleos, no coidado dos demais ou nas necesidades e benestar da outra parte.

2. Á hora de teorizar sobre sexualidade, xulgar e establecer límites as distintas ideoloxías, correntes científicas, leis, opinións, etc. Hai que ter en conta que parten de diferentes formas de conceptualizar a sexualidade. Eu mentarei a grandes rasgos, dúas fundamentais:

► **Esencialismo**, que entende a sexualidade como un impulso natural que ten unha natureza preexistente ás normas sociais. Trátase dunha enerxía poderosa regulamentada por normas, que loita por expresarse e que pode arrasar. Dúas posturas sobre isto:

► **Represión**, hai que reprimir tal enerxía para que non se descontrola. Un exemplo desta postura é a tradición xudeo-cristiá presente na nosa cultura.

► **Liberación**, esta enerxía hai que deixala fluír e expresarse, xa que isto é revolucionario, a esencia da liberdade humana.

► **Construtivismo ou construcionismo**, entende que a sexualidade é unha potencialidade humana con múltiples funcións e que está formada por impulsos indeterminados moldeados pola sociedade concreta da que se fala e que por tanto vai cambiando segundo os costumes, presións sociais, necesidades, etc. Ao longo da historia e nas diferentes culturas as prácticas que se aceptan e os significados

<sup>1</sup> MEGÍAS QUIRÓS, Ignacio, Elena RODRÍGUEZ S. JULIÁN, Susana MÉNDEZ GAGO, y Joan PALLARÉS GÓMEZ: *Jóvenes y sexo: El estereotipo que obliga y el rito que identifica*, Madrid, FAD -INJUVE- Obra Social Caja Madrid, 2005.

que se lles asignan son diferentes e van variando.<sup>2</sup>

A sexualidade vívese e interprétase segundo símbolos da cultura. Os estudos sociolóxicos e antropolóxicos aportaron moitos datos sobre isto.

Parto da concepción de que a sexualidade non é un acto natural, senón que se vai construíndo ao longo da historia en cada cultura concreta. As ideas dominantes sobre a sexualidade, construídas desde diferentes ámbitos inflúen na maneira de vivir o sexo, pois a sexualidade non só ten que ver co corpo senón tamén coas palabras coas que definimos as diferentes prácticas e as catalogamos e coas imaxes que nos facemos e que a sociedade vai recreando sobre a sexualidade, o que xera uns sentimentos e apetencias determinadas. Entón a sexualidade está moldeada –que non determinada– pola bioloxía, a cultura, dinámicas sociais e históricas concretas e a psicoloxía e experiencia persoal.

En resumo, temos un mapa complexo: hai cambios nas crenzas e vivencias que conviven con velhas ideas sobre a moral sexual cristiá, que permanecen intocábeis aínda que os avances producidos nos últimos tempos teñan modificado a forma de expresarse, e xunto a isto aparecen novas tendencias que afectan a cómo se vive e cómo se pensa a sexualidade. E sen esquecer que todo isto varía en función doutros elementos como ser de determinados barrios, comunidades culturais, campo ou cidade, etc.

Entre todo isto persisten concepcións, estereotipos e modelos sobre a sexualidade que cambiaron pouco e que é necesario ter en conta no tema que nos ocupa, pois inflúen na forma de entender e xulgar a pluralidade.

### A sexualidade como complemento do xénero

Nos estudos clásicos, o sexo, xénero e a sexualidade son vistos como elementos complementarios derivados todos eles dunha natureza sexual de fundamento biolóxico. Algunhas consecuencias desta concepción son:

► Considérase que a sexualidade responde ás leis da natureza e ao instinto, é dicir, supervivencia-reproducción.

► Prímase a heterosexualidade coito-céntrica por riba de calquera outra práctica sexual e na idade adulta, na que é posíbel a reprodución (considérase que nenos e vellos non teñen sexualidade).

► Presuponse que existe unha sexualidade masculina diferente da sexualidade feminina (derivada dos caracteres biolóxicos, que aseguran a reprodución).

**As discriminacións sociais e legais que sofre quen practica unha sexualidade diferente, baséanse moitas veces na consideración de que estes comportamentos sexuais son expresión de problemáticas psicolóxicas**

► En consecuencia todas as prácticas sexuais que non teñan unha finalidade reprodutiva, son vistas como perversión, parafilia ou desviación, é dicir como un síntoma dun funcionamento psíquico defectuoso da persoa. Esta catalogación faise, sobretudo, desde o nacemento das ciencias do comportamento e da sexoloxía, na segunda metade do século XIX e continúa na actualidade en determinadas correntes do pensamento e científicas.



Esta concepción está moi presente a pesar de que as novas teorías sobre a sexualidade e a experiencia e reivindicacións de numerosos grupos de presión cuestionan a relación supostamente natural e complementaria entre sexo, xénero e orientación do desexo e nos amosan que a uns xenitais non ten por que corresponderlle uns comportamentos e unha orientación do desexo determi-

<sup>2</sup> WILKS, Jeffrey: *O malestar da sexualidade. Significados mitos y sexualidades modernas*, Madrid, Talasa 1993.



nados (a un pene pode corresponderlle un sentimento feminino e ademais ser lesbiana, é dicir, que lle gusten as mulleres e ter nas súas prácticas comportamentos de ambos estereotipos ou intermedios non contemplados).

Afirman que as persoas non están divididas por natureza en grupos distintos, senón que estamos situadas nun número indeterminado de continuos (home-muller, homosexual-heterosexual). As identidades poden variar ao longo da vida. Ata o propio sexo é construído culturalmente, pois non todos nacemos con dous cromosomas nin cuns xenitais perfectamente definidos (hai ata cinco categorías de hermafroditismo); hai persoas que cambian a súa orientación sexual ao longo da vida e que transgreden os xéneros e a bio-

loxía dunha forma radical (transexuais non operados).

Desde o meu punto de vista, a existencia destas persoas representa un desafío á idea de que só se pode ser home ou muller. Así mesmo, cuestionan a idea da suposta naturalidade dos xéneros, é dicir, que nacer macho da especie humana implica de xeito natural sentirse home e nacer femia supón sentirse muller. Tamén é un bo exemplo da inestabilidade da identidade, tanto sexual como de xénero e iso non é un perigo senón algo que nos enriquece e que merece do mesmo respecto e dereitos.

Como dixemos anteriormente, tal concepción só admite a existencia de dous sexos e xéneros ben diferenciados. Creando estereotipos de sexualidade masculina e feminina.

Tradicionalmente se consideraba que a sexualidade feminina non só é diferente á masculina senón que é oposta e complementaria. A complementariedade que se lles supón aos xéneros refórzase así coa complementariedade sexual: *buscar a media laranxa*.

Os estereotipos tradicionais sobre sexualidade reproducen a idea dos homes como seres moi sexuais e recrean un modelo de sexualidade masculina activa, con iniciativa, xenitalista, dividindo entre o desexo e o amor, promiscua, impetuosa ata ser incontrolábel e ata certo punto agresiva...

Fronte a esta concepción da sexualidade masculina ás mulleres outorgóuselles o papel de conter a sexualidade masculina –fonte potencial de perigo–, así como a súa propia sexualidade que podería incitar os homes a actuar. Consecuentemente, o estereotipo sexual feminino aparece como sensíbel, non xenital, cunha sexualidade máis ben difusa, ligada sempre ao amor e aos sentimentos, con pouca iniciativa, receptiva, máis tendente á monogamia...

A sexualidade é un reforzo á masculinidade, *canto máis folla, máis home é*, mentres que nas mulleres a relación é contraditoria, mestura de praceres e perigos.

Obviamente, estes estereotipos encorsetan a uns e outras, aínda que supoñen máis limitación para nosoutas por non poder amosar con tanta liberdade os desexos ou arriscarse ao que veña se se fai. Aos homes perséguelles o estigma do maricón ou do impotente (pois hai que demostrar a virilidade a través da potencia sexual) e ás mulleres o estigma da puta, que representa o límite entre as boas e as más mulleres.

## Sistema de estratificación sexual

A estas desigualdades relacionadas co xénero úneselle que socialmente non todas as prácticas sexuais son recoñecidas en pé de igualdade.

Prácticas sexuais que antes eran moi mal vistas ou mesmo condenadas penalmente hoxe son aceptadas e fanse visíbeis socialmente. Por exemplo a homosexualidade, sobretudo co cambio de lei matrimonial.

Mais a pesar dos avances producidos non todas as prácticas sexuais son recoñecidas en pé de igualdade. Pola contra, segue vivente un sistema xerárquico de valor sexual –como o define a feminista norteamericana Gayle Rubin<sup>3</sup> que outorga unha valoración moral aos diferentes comportamentos sexuais, que resultan así clasificados segundo unha pirámide. As prácticas que se atopan situadas máis arriba son recoñecidas e recompensadas, teñen apoio institucional e social. Canto máis baixamos comeza a ausencia de respecto, a presunción de enfermidades, a perda de apoio institucional e social, as sancións e conómicas ou punitivas e a presunción de criminalidade.

Aínda que as raíces desta clasificación están na relixión, a maior parte do seu significado actual provén da medicina, psiquiatría e sexología, usando conceptos de inferioridade mental e emocional en lugar de pecado. As prácticas situadas máis abaixo son chatadas de trastorno, usando os estereotipos máis extremos de ditas condutas (por exemplo, pensamos que un exhibicionista é un señor con gabardina que nos asalta e nos ensina os seus xenitais sen preguntar se quere mos velos, pero non pensamos nunha parella na que un se ensina e o outro mira, ou nos mozos e mozas que traballan amosando o seu corpo en clubs ou festas).

No mantemento e reprodución do sistema de estratificación sexual interveñen diferentes factores:

► No Estado Español esta pirámide estaba regulamentada no franquismo polo sistema legal (Lei de Perigosidade Social). Hoxe a maior parte do control é extra-legal, a través da familia, medios de comunicación, producións artísticas, científicas, educación escolar, discriminacións laborais...

► O xeito de pensar a sexualidade tamén mantén esta pirámide e neste tipo de pensamento existen certas ideas que son fundamentais á hora de condenar determinadas prácticas sexuais:

► **Naturalismo sexual:** a sexualidade como algo natural, ligada á reprodución e o coito vaxinal heterosexual. Non se ten en conta que os desexos se constitúen no curso de prácticas sociais historicamente determinadas (Foucault) e constantemente se producen sexualidades novas (por exemplo, cibersexo).

As capacidades biolóxicas son prerequisites indispensábeis, pero a sexualidade non pode comprenderse en términos puramente biolóxicos, igual que a fame do estómago non propor-

ciona indicios que expliquen as complexidades da cocíña e o pracer de comer alimentos elaborados, probar novos sabores. Nisto interveñen factores culturais, sociais e persoais.

► **Negatividade sexual:** sexo, algo mau. Prácticas sexuais diversas aparecen na súa peor expresión posíbel. O sexo é culpábel mentres non se demostre o contrario. A cultura popular está imbuída de ideas como que a sexualidade é perigosa, insá, depravada e unha ameaza para todo (nenos, seguridade nacional, familia e mesmo o futuro do planeta). O psicólogo que levou o PP ao parlamento dixo que os homosexuais son trastornados porque son promiscuos..., e se isto fose certo, que ten de mau? Seica só a heterosexualidade contén a plena riqueza da experiencia humana e que as outras manifestacións son incapaces de incluír afecto, amor, libre elección...

► **Os actos sexuais están dotados dun exceso de importancia:** todo o relacionado co sexo é *caso especial*. Considérase o máis íntimo, fundamental e sagrado da persoa. As diferenzas nos gustos sexuais provocan medos, ansiedades, iras que non provocan as diferenzas en gustos doutro tipo. Son normal? É a pregunta do sexo.

Unha experiencia negativa vívese con máis traxedia que en calquera outra cousa (por exemplo, *gatillazo*) e un cambio no desexo vívese como un cambio profundo na identidade da persoa que o trastoca todo.

<sup>3</sup> «Reflexionando sobre el sexo: Notas para un teoría radical de la sexualidad», en Carole VANCE (comp.): *Placer y Peligro. Explorando la sexualidad femenina*, Madrid, Revolución, 1989.



► **Barreira que separa a sexualidade boa da má:** a variedade sexual é perigosa, insá e unha ameaza. Se a barreira cae é o caos. Hai unha necesidade de debuxar unha fronteira entre a sexualidade boa e a má, centrándose nas prácticas e non nas situacións e valores. Os distintos discursos débátese entre qué condutas incluír dentro da aceptabilidade, en lugar de propoñer criterios de relación, educativos e valores que nos sirvan de guía para establecermos criterios e comportamentos aceptábeis.

Pola contra, penso (parafraseando a Gayle Rubin) que unha moralidade democrática debería xulgar os actos sexuais pola forma en que se tratan as persoas que participan neles, polo nivel de consideración mútua, pola presenza ou ausencia de coerción e pola cantidade e calidade de praceres que reporta ás persoas implicadas. Que sexan homos ou heteros, sós ou en grupo, libres ou comerciais, con porno ou sen porno, non debería ser obxecto de preocupación ética nin implica que as persoas non poidan transmitir valores positivos e educar doadamente.

As persoas que conseguen o seu pracer fundamentalmente a través de prácticas sexuais que non son a heterossexualidade coitocéntrica, son estigmatizadas a miúdo ata o punto de que non son consideradas persoas normais, adultas e equilibradas. As discriminacións sociais e legais que sofre quen practica unha sexualidade diferente, baséanse moitas veces na consideración de que estes comportamentos sexuais son expresión de problemáticas psicolóxicas. Por exemplo, aparece no DSM-IV (manual dos trastornos mentais usado internacionalmente polos profesionais da psicoloxía o exhibicionismo como parafilia e a transexualidade como un trastorno da identidade sexual.

## FRONTE A ISTO, que propoñemos?

Creo que debemos empezar por recoñecer a diversidade humana, a pluralidade de desexos e relacións e afirmar a liberdade para poder elixir entre eles sen medo. Estamos nunha época de cambios, como vimos ao principio, de valores imprecisos e contradictorios. Pero, como di Foucault,<sup>4</sup> a sexualidade é a posibilidade dunha vida creativa. Nese proceso debemos ter claros os valores que nos motivan, e debemos ser capaces de afirmalos e dotalos de validez con convicción.

Os valores aluden a varias cuestións fundamentais: como somos, como queremos ser e por que. É posíbel elaborar un modelo normativo, unha serie de valores universais que permitan a afirmación de distintas identidades e formas de vida?

Porque non se pode dicir que todo vale. Non se poden ignorar as cuestións de poder e a calidade das relacións e deben existir medidas punitivas contra o abuso, mais, en vez de xulgar os actos concretos, debemos pór a énfase na elección e na relación, na situación e os significados (que non son os mesmos para todos). Abordar sen medo e prexuízos os temas ambiguos e contradictorios e escoitar as minorías que falan por si mesmas. Desexo, elección e consentimento deben ser estudados cunha perspectiva máis ampla e complexa. O debate debe xirar en torno ás formas de poder nas que está inmerso o sexo e aos límites que estas prescriben para o libre xogo do consentimento.

Creo que a base mínima para construír un sistema de valores universalista que tolere a diferenza pasa polos principios básicos de liberdade e vida, dirixidos polos valores de igualdade, solidariedade, responsabilidade, coidado e autonomía das persoas, para que poi-

dan decidir con quen e en que circunstancias, prever consecuencias para todas as persoas implicadas, respectar e non impor e que non se considere as persoas superiores ou inferiores en función do seu sexo, xénero ou orientación sexual.

O reto está en concretar que supón en cada caso estes valores abstractos, para establecer os límites do tolerábel e lexítimo.

Non se trata de crear novos modelos senón de abrir o campo de posibilidades para o sexo e o xénero equilibrando as necesidades e desexos individuais, as responsabilidades mutuas e a sensibilidade fronte á diferenza.

Para afrontar este debate que debe ser consensuado socialmente cómpre unha actitude crítica e escéptica cara os saberes recibidos e vontade para enfrontarse aos desafíos que propón todo cambio. Temos a obriga de crear, elixir e aclarar os nosos valores. Isto tamén vale para o terreo persoal.

E, para rematar, cómpre que isto se traslade ao terreo educativo, coñecer de que valores está partindo a xuventude de hoxe para poder contrarrestar e pór os medios necesarios para aprendermos a decidir, a dicir non, a respectar e a ser responsábeis, o que é necesario para esta e para outras facetas da vida e ademais é imprescindible para os bos tratos entre as persoas e a liberdade. ❏

<sup>4</sup> Michel Foucault, «Sex, power and the Politics of identity» entrevistado por Bob Gallagher e Alexander Wilson, *The Advocate*, núm.400, 1984, p. 29. Citado en WEEKS, Jeffrey: «Valores en una era de incertidumbre», en Ricardo LLAMAS (comp.): *Construyendo identidades. Estudios desde el corazón de una pandemia*, Madrid, Siglo XXI, 1995.



ANTONINA RODRIGO

María Zambrano foi a sedución mesma. Fascinaba aos homes coa sensualidade que irradiaba a súa persoa. Os seus ollos grandes, de mirada bela, soñadora, intelixente, recordaban aos de Garbo ou Dietrich, os ídolos da súa época. As pernas de María eran famosas, nun tempo en que a muller as descobre, as loce, enfundadas en medias de seda, aprende o xogo de cruzalas, descruzalas como nun ballet iniciático, liberador do afectado pudor imperante. Esta imaxe sorprenderá ás xeracións que a coñeceron ao regreso dos seus exilios nómades por Europa e América. Hai que ouvir o testemuño dos seus contemporáneos, como Francisco de Ayala. El foi testemuña da fascinación que

# A sedución de María Zambrano\*

exerceu a filósofa andaluza. Admite que máis alá das súas estupendas pernas «...ese non era, desde logo, o seu maior encanto. María era unha muller sumamente sedutora para os homes, tiña unha personalidade moi atractiva». María espertou paixóns en homes como Max Aub, entre outros de semellante talante humano e intelectual.

«O home –en descrición de María– é, pois, un animal idealista, un animal que vive nun mundo inventado, mentres a muller atense ao que hai. O seu sexo a liga co cosmos mentres ao home o seu sexo non lle serve apenas de nada senón de angustia, de impulso infinito, infinito e insaciábel».

\* Publicado en *Meridiam*, núm. 32 (primeiro trimestre, 2004), pp. 22-25.



O máis importante é que o poder de sedución de María permanece vivo na súa obra. A palabra estremecida coa que engarza o seu pensamento é o fio do cometa que nos ata e nos recrea o seu singular universo. Aí radica a esencia da súa sedución.

Unha muller que ía recrearnos os prodixios de *Los claros del bosque* tiña que nacer en primavera. O 22 de abril de 1904 chegaba ao mundo en Vélez Málaga (Málaga). Foi a primoxénita duns pais mestres inconstitucionalistas. Até os catro anos a súa infancia foi andaluza. Esas primeiras vivencias, indelébeis para á súa excelsa clarividencia; os perfumes de azar e limoeiro e o sentido do andaluz van iluminar a súa memoria transparente para o soño, a creación. A súa infancia proseguíu en terras castelás (Madrid, 1908). Despois en Segovia, on-

**Fascinaba aos homes coa sensualidade que irradiaba a súa persoa. [...] A palabra estremecida coa que engarza o seu pensamento é o fio do cometa que nos ata e nos recrea o seu singular universo. Aí radica a esencia da súa sedución**

de o seu pai foi nomeado catedrático de Gramática na Escola Normal. O 21 de abril de 1911 ocorre un acontecemento familiar que María cualificará como a alegría máis grande da súa vida: o nacemento da súa irmá Irene.

De 1913 a 1921 María cursa o bacharelato no Instituto de Segovia. Non foi envexábel a situación daquelas mozas que comezaron a asistir ás aulas en solitario, rodeadas de «rapaces que non sabían nada de coeducación», recordará María. En contrapartida, para a rapaza son tempos de abraios: san Juan de la Cruz, Unamuno, Gannivet e... na súa chegada á cidade, como profesor de francés, Antonio Machado, con quen o seu pai tra-

bará amizade na Asociación Socialista Obreira. Os dous tomarán parte na Fundación da Universidade Popular. Tamén coñecerá en Segovia a León Felipe, ao que admirará sempre. A idade temperá lle chega o amor a María na persoa do seu primo Miguel Pizarro Zambrano, *frecha sen branco*, vaino chamar nun poema a el dedicado Federico García Lorca. O que ela considera como o amor máis grande da súa vida foi rematado no seu inicio pola intransixencia do seu pai, presenza omnipresente na súa vida, ao cualificalo de incestuoso. Son tempos, aínda, de enteiro dominio e sometemento ao home, xa sexa ao pai ou ao marido. O libre albedrío da muller estaba penalizado, dificilmente podía triunfar a rebelión. A desolación da rapaza namorada lévaa a sufrir unha profunda melancolía que,

dadas as súas conviccións, transformará nunha absorbente actividade.

No curso 1921-1922, María matricúlase por libre, na Facultade de Filosofía e Letras. Nos períodos de exames na Universidade Central alóxase na Residencia de Señoritas, que dirixe María de Maeztu, até 1924, en que a familia Zambrano vaise trasladar a Madrid. Asiste ás aulas de Ortega y Gasset, García Morente, Julián Besteiro e Xavier Zubiri. Ingresa na FUE (Federación Universitaria Española), é membro da Liga de Educación Social, dá aulas no Instituto Escuela, colabora coa prensa e toma parte activa en actos contra a ditadura de Primo de Rivera. A tuberculose vai frear-

lle tan frenética actividade. O repouso absoluto imponse. É unha etapa de reflexión na que chega a sopesar o abandono da Filosofía, aínda sen renunciar á Ética de Spinoza, a quen consideraba diamante de pura luz. Pero definitivamente a esencia da súa obra será a creación filosófica e aquel baleiro existencial foino enchendo de poesía, coa relación dos xoves poetas vangardistas do 27.

Cando tras seis meses de repouso retoma as rendas da súa vida, os seus compañeiros da FUE esperaban o regreso da lúcida compañeira. En 1930 publica á súa primeira obra, *Horizonte del liberalismo*, e meses despois é designada profesora auxiliar de Metafísica na Universidade Central. En todas partes preséntese o cambio social que traerá a República e o pobo español sae a recibila o 14 de abril de 1931, nunha das xornadas máis xubilosas da nosa historia. María ten colaborado coa súa pluma e a súa palabra estremecida en mitins e, como tantas mulleres españolas, lanzouse entón desde as máis inverosímiles tribunas a improvisar discursos e despexar de arañeiras o sentido común, co reclamo da igualdade xurídica, que a República concederá ás mulleres.

María Zambrano é unha muller comprometida que proxecta aglutinar coas ideas reformistas de Ortega a xuventude de diferentes ideoloxías nunha formación que se chama Fronte Español. O líder fascista José Antonio Primo de Rivera proponlle confederala co seu Movemento Español Sindicalista. María repróchalle a corte de pistoleiros matóns ao seu servizo. Algúns dos correlixionarios da pensadora ingresan nas filas de José Antonio e con eles, evádense as siglas do Fronte Español, convertidas en Falanxe Española. Frustrada da súa experiencia política, rexeita a proposición de Jiménez



**María [...] lanzouse entón desde as máis inverosímiles tribunas a improvisar discursos e despear de arañeiras o sentido común, co reclamo da igualdade xurídica, que a República concederá ás mulleres**

de Asúa para ir ás Cortes nunha candidatura do PSOE.

A fértil actividade intelectual de María lévaa aos frontes culturais da República, entre eles ás Misións Pedagóxicas con Rafael Dieste. Escribe ensaios na *Revista de Occidente*, colabora en *Cruz y Raya*, prepara á

súa tese de doutoramento sobre *La salvación del individuo en Spinoza*. A súa biblioteca habitana pensadores como Spinoza, Leibniz, Bergson, Nietzsche, Sélter... escritores como Dowstoievski, Proust, Kafka, León Bloy... Na nómina dos seus amigos comprácenos evocar a Miguel Her-

nández, tan humilde e grande, convidado ás reunións dominicais que María celebraba na súa casa e ás que asistían Rosa Chacel e a pintora Maruja Mallo, coa que o poeta viviu un abraiante romance.

Imposíbel analizar neste curto espazo as claves do pensamento de María Zambrano. En *Delirio y destino* di: «O pensamento é facer respirábel o ambiente, liberar aos seres humanos desa asfixia que provén da falla de espazo interior cando a conciencia se enche de sombras, de incertezas, cando a sombra dos demais e a nosa mesma fixeron demasiado opaco ese noso interior que é o primeiro espazo no que nos movemos e somos».

A sinatura de Alfonso Rodríguez Aldave iniciaba o manifesto fundacional da Alianza de Intelectuales para la Defensa da Cultura, en cuxa redacción tiña participado María Zambrano. O 14 de setembro de 1936 casaban María e Alfonso que non sería o grande amor da súa vida. De inmediato saían para Chile, onde el ía ocupar a secretaría da Embaixada da República. A María editaranlle en Chile *Los intelectuales en el drama de España*. A estancia non é longa, o matrimonio regresa a España. El incorpórase á fronte como comisario político e María en Valencia, ao grupo fundador da revista *Hora de España*. O 14 de outubro de 1937, a *Gaceta de la República* publicaba o nomeamento de María Zambrano Alarcón para o cargo da Sección Primeira do Consello Nacional da Infancia Evacuada do Ministerio de Instrución Pública.

Valencia é o punto de encontro de María con Simone Weil, a miltiana máis eminente da guerra de España. As dúas filósofas de figuras evanescentes, sabias, místicas, comprometidas, preocupadas pola esencia dos dereitos humanos, seguen camiños diverxentes, sen a posibilidade do reencontro, pois



**Até o 20 de xaneiro de 1984 non volve pisar a terra á que ela debía pertencer. É unha muller de 80 anos vizosos, [...] cunha obra abraiante, filosófica-poética, construída nun desterro errático**

Weil morre aos 34 anos vítima da súa solidariedade cos desherdados do mundo.

María Zambrano era consciente da desesperada gravidade que vivía a España republicana, de aí a súa actitude crítica para os que a abandonan á súa sorte. Entre eles, o seu mestre Ortega y Gasset. O seu talante reflíctese contundente nas súas cartas a Rosa Chacel, do grupo dos fuxidíos: «A miña actitude segue sendo extremadamente dispar coa túa, o cal quere dicir que as mesmas razóns en min son unha cousa distinta que en ti, pois as descubrín aquí, baixo estas bombas, sentíndome belixerante, inimiga de Giménez Caballero ao que considero un miserábel traidor, ao que xamais daría a man. Inimiga até a morte de todos os que venderon a España, á maneira de Unamuno, que non é a miña».

O 28 de xaneiro de 1939 María saía para Francia coa súa nai, o pai morrera en Barcelona, onde a filósofa vivira o tempo máis feliz da súa vida, con dous primíños seus, unha vella criada e o can dos cativos. María escribirá no seu libro máis autobiográfico *Delirio y destino*, que deixaran de ser cidadáns de país algún, «...eran exiliados, des-


terrados, refuxiados... Vencidos que non morreran, que non tiveran a discreción de morreren, superviventes». E en *Carta sobre el exilio* (1961), a dor do exilio latexa na flor da pel e define aos exiliados «Españois sen España».

O desterro errante de María Zambrano vaina levar a París, A Habana, México, Porto Rico... En 1945 regresa espavorecida a París, onde a súa nai falecera había dous días. A súa irmá Araceli esperábaa ausente no aeroporto. Desde agora as súas vidas non se separarán máis, serán dous seres soldados pola traxedia. As forzadas visitas de Araceli aos despachos da Gestapo e a tortura moral e física soportada transformárona para sempre. O marido desta, Manuel Muñoz, director xeral de Seguridade da República, foi capturado polos alemáns e, tras padecer dous anos de cárcere na Santé, París, foi extraditado á España de Franco e fusilado. Araceli era entón unha muller de 29 anos. A súa irmá vaise converter en Antígona, o símbolo do exilio «...porque, inocente, soportaba a Historia; porque tendo nacido para o amor, a estaba devorando a piedade». En 1948 María sepárase do seu home. Até 1949 as

dúas irmás vivirán en París. Volverán a Hispanoamérica: México, Cuba. En 1953 regresan a Europa: Italia, Suíza, Francia. Comparten a súa vida cunha morea de gatos. A súa obsesión polos felinos vainas poñer no tranco de seren expulsadas do país, o número de animais aumenta cos vagabundos recollidos. Antígona morre en 1972.

A María Zambrano concédendolle en España o Premio Príncipe de Asturias de Comunicacións e Humanidades en 1981, pero a filósofa resístese a regresar ao seu país. Até o 20 de xaneiro de 1984 non volve pisar a terra á que ela debía pertencer. É unha muller de 80 anos vizosos, cargados de fuxidas, de sabedoría, de lucidez, de transparente profundidade, cunha obra abraiante, filosófica-poética, construída nun desterro errático, pero co pensamento e o recordo á sombra de España. Un exilio que para ela foi materia de creación, ao que acabou recoñecendo como a súa patria.

A María Zambrano esperanlle vivencias como a do Premio Miguel de Cervantes, concedido por primeira vez a unha muller en 1988, pero sobre todo, o recoñecemento de persoas que a ían descubriendo, ás que a ilustre pensadora observaba, resgardada en silencios, cunha mirada longa, triste, desde os seus ollos grandes. María, ao seu regreso, tras tantos anos de franquismo, xa non atopou aos seus, en *Delirio y destino*, evocou nostálgica: «Había de todo, eu só falo dun grupo no que me atopo, que estaba dominado por un sentimento que hoxe se ten perdido; hoxe vexo fins utilitarios, desexos de acadar rápido o destino, a notoriedade, uso e abuso do protagonismo».

María reuniuse en *La tumba de Antígona* coa súa irmá, o 6 de febreiro de 1991. 

Ao achegármonos á obra de María Zambrano, sorpréndenos o gran número de textos dedicados á «cuestión feminina»: ensaios, comentarios, prólogos, conferencias, mesmo páxinas soltas, simples anotacións, frases ou alusións. A pesares disto, a historiografía crítica ocultou sistematicamente a súa rica obra. Até tal punto que durante anos estes textos permaneceron no esquecemento como se fose un aspecto marxinal ou algo embarazoso do seu pensamento.<sup>1</sup> Entre as filósofas da primeira metade do século XX, María Zambrano é quen toma conciencia de maneira máis contundente de que o pensamento e a obra dunha «muller filósofo» poden e deben facer abanear os alicerces do discurso filosófico. E o fan oscilar de cheo, xa que durante séculos a filosofía ten sido un espazo vetado ás mulleres e a súa presenza neste santuario de masculinidade non ten deixado de crear certa incomodidade, estupor e até perplexidade.

\* Publicado en *Meridiam*, núm. 32 (primeiro trimestre, 2004), pp. 26-29.

<sup>1</sup> Entre as autoras que analizan os textos zambranianos dedicados ás mulleres ou que fan referencia á reflexión de Zambrano sobre a diferenza entre sexos, cito: Alcira BONILLA: «Razón poética y género: arquetipos femeninos», *Philosophica Malcitana*, número monográfico sobre María Zambrano, vol. IV, Málaga, 1991; *Asparkia, Investigación Feminista*, monográfico María Zambrano, Castelló, 1994; *Aurora. Papeles del Seminario María Zambrano*, núm. 1, Barcelona, 1999; Elena LAURENZI: «Una mujer filósofo», en *María Zambrano. Nacer por sí misma*, Madrid, Horas y horas, 1995; Elena LAURENZI: «Nacer por sí misma: naixement i renaixement en la filosofía de María Zambrano», *Duoda*, núm. 11, 1996.

# O feminismo de María Zambrano.



María Zambrano denuncia o carácter «androcéntrico» da cultura occidental e a inevitábel «falta de espazo» para as mulleres. A súa toma de conciencia ante esta exclusión impregna toda a súa obra que parece ser creada para incidir nas profundidades inconfesábeis do pensamento filosófico obrigándoo a enfrontarse a unha identidade oposta. Sen embargo, esta forte ruptura que xera a súa Filosofía non é exclusiva dos textos que aluden á relación entre ambos sexos. Aínda que estes textos posúen unha clara raíz filosófica, se os comparamos coa totalidade da obra de María Zambrano apreciamos como até os ensaios filosóficos escritos entre os anos trinta e cincuenta (*Hacia un saber sobre el alma; Filosofía y poesía; La agonía de Europa; El hombre y lo divino; Persona y democracia...*) están impregnados por este pensamento. Así, por unha

**Ao achegármonos á obra de María Zambrano, sorpréndenos o gran número de textos dedicados á «cuestión feminina» [...] A pesares disto, a historiografía crítica ocultou sistematicamente a súa rica obra**

banda a lectura crítica que ela fai da historia occidental baséase na constatación do carácter «androcéntrico» do seu idealismo constitutivo, fronte ao que ela propón crear unha Filosofía alternativa a este modelo baseada no «saber da alma» e vendo na especificidade feminina un patrimonio de experiencia e de saber para a Filosofía.

Con todo, a Filosofía de María Zambrano persegue unha verdade que cambie os criterios e os estereotipos dunha construción sexuada do discurso por unha comunicación de orde superior. Creo que é este o sentido dunha declaración súa moi discutida á que a

miúdo se fai alusión para documentar o seu presunto «anti-feminismo».

Teño que explicar –escribía no prólogo do primeiro volume das súas *Obras reunidas*– que isto de dicir «o autor» é algo enteiramente espontáneo, debido a que este «autor» preséntaseme como neutro e non como masculino. Neutro por máis alá, e non por máis acá da diferenza existente entre o home e muller, xa que do pensamento se trata». <sup>2</sup>

<sup>2</sup> María ZAMBRANO: *Obras reunidas*, vol. 1, Madrid, Aguilar, 1971, p. 10.

# Apuntamentos para o debate\*



Considero que a clave desta afirmación reside en precisar unha universalidade buscada «máis alá» e non no «máis acá» da irreflexiva presentación empírica da diferenza: nun pensamento que asuma a existencia desta diferenza, atravesándoa, comprendéndoa, poñéndoa ao límite para poder ir máis alá. Non é polo tanto, unha universalidade obtida a costa da sublimación, da abstracción do corpo sexuado ou da cancelación da diferenza do neutro, nin sequera a costa da revogación da fantasía ancestral do andrónimo platónico no que a nostalgia da unidade determina que a dualidade se conciba como límite e imperfección. O ser muller non é considerado como algo parcial, como unha limitación, senón como unha especificidade, unha «heteroxeneidade» a partir da cal elaborar unha proposta filosófica para homes e mulleres, xa que

segundo palabras de Françoise Collin, «a universalidade do pensamento nada ten que ver coa neutralidade, se acaso coa capacidade de xerar sentido».<sup>3</sup>

María Zambrano, feminista pois? A cuestión, como ten precisado Alcira Bonilla, está mal formulada, porque o feminismo non é un pensamento único senón unha tradición múltiple e plural na que diferentes voces e posicións entrelázanse e distáncianse, polo tanto teríamos que aclarar «en cal dos feminismos aínda vixentes ou novos cabería situar a súa figura e os seus escritos».<sup>4</sup>

O primeiro paso sería retrotraernos á historia para aclarar esta cuestión. Así, analizaríamos a complexidade das relacións que María Zambrano estableceu cos diferentes ámbitos de acción e de pensamento que construíron as mulleres no século XX, incluso in-

tervindo activamente nos espazos públicos que por aquela época empezaban a conquistar.<sup>5</sup> O seu compromiso político e filosófico coa emancipación e a liberación das mulleres é neto e coherente, aínda que non implique, sen embargo, a súa adhesión incondicional ao «fe-

<sup>3</sup> Citada por Fina BIRULÉS: «Indicios y fragmentos: historia de la filosofía de las mujeres», en Rosa María RODRÍGUEZ MAGDA (ed.): *Mujeres en la historia del pensamiento*, Barcelona, Anthropos, 1997, p. 30.

<sup>4</sup> Alcira BONILLA: «La transformación del logos», *Asparkia Investigació Feminista*, monogràfic María Zambrano, Castelló, 1994, p. 13.

<sup>5</sup> Os dous primeiros capítulos da miña tese *Una propuesta de lectura de la filosofía de María Zambrano*, Universidade de Barcelona, xuño, 2001, inédita, céntranse sobre o compromiso de María Zambrano co feminismo dos anos trinta en España.



minismo». A tal respecto, María Luisa Maillard recórdanos certas afirmacións mordaces que María Zambrano ten expresado nalguna ocasión como ao definir o feminismo como «un equívoco».<sup>6</sup> Pero se evitamos illar estas afirmacións do contexto xeral do seu pensamento sobre a diferenza, comprobamos que non constitúen declaración algunha de antifeminismo nin de adhesión incondicional á visión tradicional da «calidade» e do rol das mulleres, senón máis ben, á expresión dunha lúcida análise sobre as transformacións que se estaban producindo naquela época e unha denuncia aos límites daquel movemento de emancipación que enarborando a bandeira da igualdade de oportunidades sen xerar unha crítica radical ao sistema condenaban ás mulleres a elixir entre o modelo feminino tradicional ou a adhesión dogmática ao

**O seu compromiso político e filosófico coa emancipación e a liberación das mulleres é neto e coherente, aínda que non implique, sen embargo, a súa adhesión incondicional ao «feminismo»**

modelo masculino: é dicir, entre «unha infortunada maternidade ou un banal intento de independencia».<sup>7</sup> Neste sentido, vindica determinados aspectos, experiencias e calidades propias da «tradición feminina»; a paixón, o concreto, o realismo, o sentimento da alma, a ironía, as relacións, a misericordia... aspectos do «ser humano» que, por razóns varias, as mulleres teñen conservado ao longo da historia e que a modo de ver de María Zambrano constitúen unha riqueza e un patrimonio a partir do cal podemos reformular de forma radical o modo de vida e o pensamento do mundo occidental.

Alcira Bonilla afirma que esta valoración zambranianiana do «feminino» (unha valoración que toma como valores positivos aquelas «calidades» das mulleres que o feminismo ten denunciado como símbolos da discriminación e sometemento que padecen as mulleres), distánciase sen dúbida dos

<sup>6</sup> María Luisa MAILLARD: «Las razones de Eloísa y las razones de Tristana», *Aurora. Papeles del Seminario María Zambrano*, núm. 1, op. cit., p.82.

<sup>7</sup> María ZAMBRANO: «Eloísa o la existencia de la mujer», en *María Zambrano. Nacer por sí misma*, Madrid, Horas y horas, 1995, p.99.

**María Zambrano pon as súas palabras ao servizo desta grande forza e cultura feminina en forma de criadas, neneiras, escritoras, poetisas, filósofas, profetas ás que alude nos seus textos: «cando unha muller sabe escribir debe facelo» lle escribía nunha carta a Rosa Chacel**

«camiños trazados polo feminismo filosófico».<sup>8</sup> Aínda que neste sentido é oportuno tamén sinalar a multiplicidade de camiños trazados polo feminismo filosófico para non caer nun perpetuo estereotipo. De feito, as exposicións teóricas dalgunhas estudosas dos últimos vinte anos distáncianse de forma cada vez máis crítica dun único modelo de liberación feminina que en Occidente tense baseado nunha concepción ilustrada do progreso entendido como un modo lineal, ascendente e mecánico. Hoxe en día, en contraposición coa invariábel antropolóxica de dominación masculina, atopa maior profusión a idea de que as mulleres teñen atopado e atopan en determinados contextos xeográficos, históricos e culturais novas formas autónomas de resistencia positiva, que deben ser valoradas e entendidas na peculiaridade do contexto no que se producen e na complexidade das respostas que leva á práctica, sen xulgalas sobre a base dun único modelo de liberación.

Cando María Zambrano aborda a «cuestión feminina» faino sabendo que isto implica inmediatamente o debate da outra cuestión: a relación entre homes e mulleres. Máis alá das consideracións sobre a psicoloxía dos sexos ou sobre as súas diferenzas de carácter ontolóxico, suscita explicitamente o problema da disimetría entre sexos no exercicio do poder e do acceso á palabra. A lucidez coa que esta cuestión se expón na súa mente apréciase neste extraordinario pa-

rágrafo escrito na súa xuventude para a revista *Liberal*, na que escribía unha columna que precisamente titulaba «Mulleres»:

A muller camiña na súa evolución, adquire personalidade día a día; loita e esforzase, aborda de fronte os problemas, dá a cara á vida. Fronte a este cambio feminino, o home séntese aterrado e bota de menos melancolicamente os tempos nos que elas non tiñan máis ideal que o de atender ás súas esixencias exóticas e domésticas. Nalgúns tipos exaltados o asombro tórnase en reacción aguda de odio e rancor; a súa dignidade de galo non pode permitir que a muller –unha muller– non esgote a súa existencia na servidume dos seus desexos. É a cousa que se fai de pronto persoa. Isto explica algúns dos crimes chamados pasionais, que non o amor. Antes o home tiña celos doutro home; agora vainos tendo dese ideal que a muller vive ás súas costas. Contra isto só se nos ocorre un remedio: comunidade de ideais, integración espiritual das súas vidas. É preciso que o home se dea de conta de que a muller de hoxe non se pode conquistar coa promesa dun porvir económico e social seguro e descansado. A muller descansou durante moito tempo e agora sae do seu sábado e con plenas enerxías, con magníficos anhelos, vai construír o mundo. E esta muller nova non renega nin sente rancor polo home, pois non se sente escravizada a el. Pero si lle esixe un espírito digno do seu; si lle pide (en vez do mefistofélico colar) un ideal que dea perspectivas ás súas vidas, unidade efectiva á súa unión. E ten sido tan rápida a viraxe da muller nas súas esixencias, que o home, descentrado, inadaptado, non sabe –xeralmente– ou non quere, colmalas. Pero ao menos que non nos maten!<sup>9</sup>

Esta toma de conciencia inicial expresada neste parágrafo escrito na súa xuventude dará paso nos su-



cesivos textos de María Zambrano ao seu debate central baseado na afirmación da individualidade feminina e no acceso das mulleres á cultura. Seres sen lingua –«son dunha voz sen palabra e sen gorxa»–, invisíbeis, porque sen espazo, rol nin «sé» na cultura e na historia, ás mulleres desposúeselles dunha vía de escape, porque escapar deste destino de subordinación e invisibilidade lévaas a negar a súa propia feminidade, como «seres sen

<sup>8</sup> Alcira BONILLA: «La transformación del logos», op.cit., p.56.

<sup>9</sup> María ZAMBRANO: «Mujeres», *El Liberal*, Madrid, 25 de outubro de 1928. Citado por Juan Carlos Marset no apéndice, «Los artículos de María Zambrano en 'Aire Libre'», en AA. VV.: *Actas del II Congreso Internacional sobre la vida y la obra de María Zambrano*, Fundación María Zambrano, Vélez Málaga, 1998, p.493.




sexo». A afirmación da individualidade e da cultura dunha muller parece aínda hoxe, irreconciliábel co pleno recoñecemento da súa feminidade. Desta situación de alienación, di María Zambrano, non hai posibilidade de evadirse a menos que o camiño da emancipación pase por rescatar unha historia feminina colectiva e individual marcada pola negación, aínda que rica de momentos positivos de resistencia, creatividade e cultura.

A súa loita contra a invisibilidade das mulleres na historia perse-gue polo tanto vindicar ás figuras femininas da antiga tradición occidental: figuras históricas ou lendarias nas que se percebe unha voz apurada que busca pronunciarse. Porque as mulleres son portadoras de cultura a pesar de teren estado apartadas dos medios para chegar a ela. De aí o empeño por desvelar a súa presenza escrutando entre as páxinas da historia, escarvando na terra, para lograr oír esa voz que non atopou nunca a súa palabra, rescatala do esquecemento e da súa asimilación coa palabra masculina a través da cal se ten manifestado. María Zambrano rescata a filosofía de Diotima da asimilación ao ascetismo platónico; a conciencia de Antígona da condena dunha morte en silencio; a individualidade de Eloísa da súa asimilación con Abelardo.<sup>10</sup> Establécese polo tanto un xogo de espellos, unha reciproci-

dade circular entre a filósofa que escribe, as figuras femininas ás que alude e a voz en coro das mulleres «anónimas» que teñen vivido e viven en silencio. María Zambrano pon as súas palabras ao servizo desta grande forza e cultura feminina en forma de criadas, neneiras, escritoras, poetisas, filósofas, profesas ás que alude nos seus textos: «cando unha muller sabe escribir debe facelo», lle escribía nunha carta a Rosa Chacel.

Moitas das filósofas da primeira metade do século pasado, como Hannah Arendt ou Simone Weil chegaron ao discurso filosófico a través do que Françoise Collin deu en denominar «a elección do neutro». Sen embargo, María Zambrano parece reafirmarse nunha forma de conciencia feminina: tomada esta non no sentido dunha invariábel ligada a unha presunta diferenza «esencial», senón nunha toma de conciencia da diferenza entre sexos, vindicando de forma expresa e libre certos trazos xenéricos da muller sometidos a unha posición de inferioridade e de subordinación aos homes e rescatándoos para a busca dun pensamento diferente. En canto á diferenza sexual, María Zambrano dános unha lección de contido: analiza a case na punta dos pés, con cautela, sen apenas nomeala e facendo alusión a ela sen formulala. Porque sabe que o fondo escuro da

diferenza feminina subxace na sombra. Recuperala é unha difícil tarefa de arqueoloxía, na que se corre o risco de que o «obxecto» se fragmente antes de ser extraído á superficie. É preciso pois manexalo con coidado, evitando expolo á luz cegadora das categorías filosóficas: sen encadralo nun concepto, definición ou esencia. Así como o mundo da metamorfose que impregna a obra da antropóloga cubana Lydia Cabrera e ao que alude María Zambrano nun precioso ensaio, o mundo da diferenza feminina rebélase ante a «fixación tranquilizadora do pensamento levado ao extremo por afán de poderío e dominación»: «necesitan estes mundos antes que leis, razóns ou outras cousas prácticas, a poesía capaz de entender as cousas escravas, de oír a súa voz, e apresar a súa fuxidía figura<sup>11</sup>». 

<sup>10</sup> Cfr. Elena LAURENZI: «María Zambrano: una mujer filósofo», en *María Zambrano. Nacer por si misma*, op. cit.

<sup>11</sup> María ZAMBRANO: «Lydia Cabrera, poeta de la metamorfosis», en *La Cuba secreta y otros ensayos*.

NADA NOS INTERESA  
MÁIS QUE O GALEGO.  
NIGUÉN NOS INTERESA  
MÁIS CA TI

**ASÓCIA - TE**

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
Campo do Cruceiro do Gaio, 7 - 1º - 15705 Santiago de Compostela - Telf 981 56 38 85 / www.amesant.org

Nome:  
Apelidos:  
Enderezo:  
C.P.: Localidade:  
Telf:

Cuota anual: | 30,05 euros.  
12,02 euros. Estudiantes e parados

Caixa/Banco  Sucursal  DC

c/c lo libreta de aforro

Nome da entidade:

Enderezo:

✎ MARGARITA LEDO ANDIÓN

A raíña do xogo das prendas. Unha prenda con data de nacemento no ano doce do século XX: o sostén.

Unha prenda que nos representa, ás mulleres, coma colectivo. Cando nas manifestacións feministas dos sesenta se queimaron os suxeitadores coma símbolo de moitas opresións. Cando nos setenta lle puxemos sostén nas vallas publicitarias ao machiño todoterreo dos cigarriños Camel.

Unha prenda que nos clasifica por idades, por peso, por volumes,

por castas ou por modos de vida. Lembro aquela freira, modelo circunstancial na revista *Colors*, por exemplo, que vestía un «cruzado máxico» confeccionado a partir dun patrón dos anos trinta e que combina cun bombacho, cun pololo de algodón exipcio da época vitoriana.

Noutra versión, digamos, laica o sostén foi coñecido como «gardanoivos», segundo me informou directamente a miña amiga Isaura, do restaurante «O asesino» de Santiago de Compostela.

No tempo, sucédense referencias á vestimenta interior das clases dominantes –a lencería– ou aos aspirantes a se gobernar: os *sans-culottes*, os sen calzóns. A revolución.

Pero os grandes cambios na roupa interior aparecen coa súa popularización. Cando na *Belle époque* –nesto da lencería o francés leva a palma– a faixa substitúe ao xustillo, as medias afinanse e fíxanse con ligas e aparece, *voilà!*, o sostén.

O cinema, e sobre todo as revistas femininas sinalan o camiño a seguir. No xeral, na evolución da

# Arredor do Sostén

**A modernidade dunha vila, en entreguerras e aínda nos cincuenta-sesenta, mídese, tamén, polo tipo de establecementos que ofertan roupa interior para a muller**



moda íntima teñen tanto que ver os cambios na moral como a aparición de novas fibras e tecidos, a decisión da muller sobre o seu aspecto e, como non, o fenómeno do novo coma un valor. É a sociedade de consumo.

A modernidade dunha vila, en entreguerras e aínda nos cincuenta-sesenta, mídese, tamén, polo tipo de establecementos que ofertan roupa interior para a muller.

Lencería, se pensamos nos materiais téxtiles, na sofisticación das formas, no fió, a batista, o popelín, a percalina, o crepe-satín; corsetaría, se pensamos nos obxectivos de perfilar o van, estreitar o cinto ou erguer a paletaña.

A miña aboa estaba subscrita á revista *El Hogar y la Moda* na librería Balmes, de Lugo. A miña mai e as

miñas tías mercaban as prendas na casa Insua e os encaixes e detalles para abotonaduras, escotes e tirantes na Moda de París.

Despois veu a miña época, a do nylon, a vespa Piaggio, o bikini, o rock-and-roll máis a moda unisex en competencia co retorno ao retro, co falso *negligé* –outra vez o francés–, as tentacións, o salto de cama e unha prenda inclasificábel chamada *picardía* e deica a conversión do sostén nun *top* de coiro –coma as *fasciae mamillare* de Roma–, nun *top* de metais e lentexoulas ou, simplemente, na saída do sostén do interior para se lucir como prenda exterior.

Non fai falla advertir que o francés mudou para o inglés-americano. ☞

# SIT TIBI TERRA LEVIS

(Que a terra che sexa leve!)

 PATRICIA ARIAS CHACHERO

Un paseo por calquera dos nosos cemiterios implica a constatación obrigada dunha realidade social que nin de mortas somos quen de agochar. As tumbas, máis ou menos abandonadas, convértense nun complexo e sutil medio de comunicación.

Ler as inscricións obríganos a lembrar que antano decidiamos chamarnos Obdulina, Balbanera, Auxilio, Erundina, Palmira ou calquera outra delicadeza que provoca o máis aberto dos sorrisos inocentes. Os nosos camposantos están cheos de Cándidas, Amadoras, Generosas, Prudencias e Esclavitudes.

Dicía Larra, e concordamos con el, que os mortos falan ao mundo en voz ben alta. Os nosos epitafios inciden nunha verdade lingüística e social certamente caracterizadora.

O primeiro que unha observa, e non fai falla ser demasiado perspicaz, é que o galego está practicamente ausente da linguaxe tumular. Os textos en castelán recordan insistentemente que fulanita *Se fue con el señor, Subió al cielo* ou no mellor dos casos que *El señor la llamó al celeste lugar*.

Na mesma tendencia comercial, xeneralizada e despersonificada, pero menos bíblica, atopamos cousas como *Amarte ha sido fácil, olvidarte imposible; tu amor será una luz en nuestras vidas* ou o socorrido *Tus hijos no te olvidan*.

Sen dúbida máis orixinais son aqueles versos que unha esposa dedica ao seu home no cemiterio de Celonio en Asturias, onde se pode ler:

José del alma mía,  
descansa en paz bajo esta losa fría  
en esta tumba amorosa  
donde te metió tu esposa.

Son relativamente frecuentes este tipo de tentativas poéticas que, con desigual sorte, deixan os máis achegados sobre as lousas dos seus seres queridos. Na parroquia de Santa María de Medos, en Parada de Sil, atopamos un realmente salientábel polo que ten de particular. Di así:

A DOÑA ELVIRA:  
Vaste a Parada  
entre os castiñeiros  
e a beleza do Sil  
entre as hedras  
da nosa casa.  
Espérote no corredor  
sentada  
no tallo, nunha tarde  
morna de outono  
para bicar os teus  
pes fríos  
do paso dos invernos.  
Morrerasme sempre.

Lendo con detemento dedúcese o amor e a valentía dunha muller para con outra muller nunha pequena aldea do rural galego.

Se continuamos o noso percorrido por calquera dos nosos camposantos con seguridade atoparemos a algunha María que foi viúva de Vázquez ou a algunha Raquel que foi viúva de Martínez. Esta semella ser a única profesión posíbel para as nosas predecesoras.

E nesta liña podemos incluír o literario nome de Moraima que figura na lápida como Vda. de Celso Emilio Ferreiro. Faleceu dezaotoito anos despois ca el. Baixo a data da morte fixo gravar os versos do poeta:

Ronsel da longa travesía,  
meu diario de a bordo.

Descansan xuntos pegados no muro do pequeno e soleado cemiterio celanovés. O epitafio del provoca a nosa simpatía:

Máis o lume que alampea,  
xamais o veredes morto.

Versos do poema que Celso Emilio escribiu despois de que no mes de marzo de 1970 algún xornal publicase como certo o bulo da súa morte.

Evidentemente eles nunca son viúvos de ninguén. As súas profesións son outras. En Boisaca, atopamos a un rimbombante don Antonio que foi *Comandante de Infantería*, Ricardo figura como *exfuncionario del ayuntamiento de Orense*, Higinio morreu sendo *maestro nacional jubilado*, José era *presbítero* ademais de *maestro* e entre os humildes mesmo descansa desde o ano 1933 un tal Alejandro, *rector de la Universidad de Galicia*.

Todo iso, pero ningún *viúvo de*. Raramente chegan ademais aos equivalentes *querida madre e esposa* que con frecuencia, adubían os antropónimos femininos.



Os nosos camposantos  
están cheos de Cándidas,  
Amadoras, Generosas,  
Prudencias e Esclavitudes



Nais, esposas ou viúvas, detrás de todas e cada unha das tumbas adivíñase unha historia máis ou menos evidente, máis ou menos esquecida.

No vello cemiterio de San Francisco en Ourense hai unha sinxela lousa de mármore branco na que unicamente se le: *¡¡Pobre Asunción!!* Din na cidade que baixo ela está unha humilde costureira en verdade fermosa. Pretendida por dous homes a un tempo, Asunción morreu ao saír dun portal. Un dos seus namorados disparara ao outro que estaba enfronte. A inocente, como nos mellores filmes cruzouse no traxecto da bala.

En Compostela outro epitafio conta abertamente a historia de dona Pilar que (e traduzo) *morreu cristiamente o 19 de outubro de 1938, III ano triunfal*. Xunto a ela descansa o seu esposo don Braulio, que *morreu gloriosamente pola patria o 3 de xuño de 1898 no combate naval de Santiago de Cuba*, e aínda no mesmo nicho está o seu fillo José, este sen don, *que morreu gloriosamente pola patria o 10 de decembro de 1918 no rincón de Medik, Ceuta*.

Menos evidente pero sen dúbida máis coñecida é a historia do corpo de Rosalía. Pegada ao muro da capela do cemiterio de Iria Flavia que ela tanto quixo hai unha cruz que aínda hoxe lembra que « neste cemiterio de Adina estivo enterrada de 1885 a 1891 Rosalía de Castro Murguía ». A continuación uns versos da poetisa:

Moito te quixen un tempo  
cimiterio encantado  
Moito te quixen e quérote  
eso ben o sabe Dios.

Contan que seis anos alí estivo e nin lousa chegou a ter, até que o 25 de maio de 1891 decidiron o polémico traslado dos seus restos ao Panteón dos Galegos Ilustres onde « Pra eterna memoria de Galicia fixo facer por suscripción nacional este moimento onde descansa na paz do señor, a que foi gloria da súa patria, Señora Doña Rosalía Castro de Murguía ». E entón si tivo lousa e mesmo túmulo solemne, aínda que, como en tantas ocasións, non se respectase a vontade da finada.

[...] con seguridade atoparemos a algunha María que foi viúva de Vázquez ou a algunha Raquel que foi viúva de Martínez. Esta semella ser a única profesión posíbel para as nosas predecesoras [...]. Evidentemente eles nunca son viúvos de ninguén

Unha última mostra da dominación do masculino no noso fúnebre camiño é o repetido *Es propiedad de seguido* invariabelmente dun nome de varón

Con todo, os epitafios son moito menos habituais do que se poida crer. A maior parte das mortais decide pasar á posteridade sinxelamente indicando a data de nacemento e os anos que conseguiu vivir. Á loitadora Concepción Areal soterrárona en Pereiró, Vigo, cando tiña 73. Sobre a pedra ela mesma mandou gravar o lema que de por vida a caracterizou: «A la virtud, a una vida, a la ciencia».

Na tumba de Inés de Castro, a «mísera e mesquinha que despois de morta foi rainha» (Camões, canto III dos *Lusíadas*), foi Pedro I quen fixo gravar un «A:E AFIM DO MUNDO» que se ten querido ler como un apaixonado até o fin do mundo.

Certo estorrecemento provoca comprobar como nalgunhas sepulturas se pode ler un *Cerrado a perpetuidad* ou aquel outro *En silencio* co que se sentencia o carácter irreversíbel da situación da protagonista.

Unha última mostra da dominación do masculino no noso fúnebre camiño é o repetido *Es propiedad de seguido* invariabelmente dun nome de varón. A morte ten-

de a igualarnos, pero a nós tócanos ser nais, esposas e viúvas. Soterradas sempre en propiedade masculina.

Xa os romanos o deixaron escrito nas súas estelas funerarias: que a terra che sexa leve! ☞



Lápida de Rosalía de Castro, Padrón



do voso sacrificio  
o sangue que aventa liberdade



viaxeiras

 SOL GARCÍA

**Este texto é o relato dun tramo da miña viaxe  
–que é a vida que vivo– desta vez, á India.  
A través dos correos que enviei dende alí...  
Pola necesidade de compartir o que  
estaba vivindo**

# India, meu amor



Enviado o: 17, nov.

Asunto: **Voume á India**

Voume á India!

Dous meses de viaxeira.

Eu, comigo, indo á India, non o podo crer!

Perdinme moitas idades nos recantos do camiño.

Pasaron tantas cousas dende que por primeira vez partín!

...todo veu dar moitas voltas

primeiro na decisión inicial, anos esperando a ser quen de sentirme segura no insegura que é a vida aprendín a manterme en equilibrio sobre «areas movedizas» e que niso consistía vivir

veu despois England, o frío, as espiñas, e a caída no abismo, máis dun ano para sanar, saborear a dozura da amizade e un traballo que me gustaba tanto facer, que deixaba de ser traballo.

*India, mi amor* é o título dun libro de Osho, nel contense toda a tenrura que esperta a India en min, tan desexada, tan esperada.

Lembrádelles, de cando en vez, ós ventos que me leven boa ventura alá por onde eu ande.

E para vós tamén.

Enviado o: 21, nov.

Asunto: **en Bangalore**

Ola!!

Hai moi pouco que aterrei no Atman Darshan Yogashram e agora mesmo xa me parece unha eternidade.

As cousas van amodo aquí.

Levoume case dous días chegar e aínda non o fixen de todo.

Cústame entender o acento hindú, pero a cambio hai dúas persoas, unha muller austríaca e un home alemán cos que podo falar español.

Acabo de saír por primeira vez do ashram para «conectarme», aínda non me asomei realmente á India. Teño ganas pero tamén agradezo poder ir achegándome pouco a pouco.

Aínda é todo bastante estrano.

As miradas e os sorrisos, cada vez que me cruzo con alguén, é o que máis me chama a atención. Hai moita dozura nas persoas e transmítese polo ar.

Aínda non logrei meter as miñas rutinas no acontecer cotián e noto a falta de exercicio, sobre todo nas voltas e reviravoltas dos pensamentos.

Creo que me teño que dar tempo.

Nada de diarrea polo de agora, e si que hai mosquitos –a pesar de que é inverno– así que xa empecei a tomar as miñas medicinas.



O primeiro contacto con esta terra foi no aeroporto de Mumbai, un despregue enorme de militares e armas, retivéronnos para revisar pasaportes e equipaxes, ulía a miseria e decadencia, igual que na casa-escola da nenez.

Mellor sensación no de Bangalore, eran as 4 da madrugada, nunha atmosfera densa de calor e arrendo a noite e flores, e máis que mellor non conto. Cheguei ás 5 ó Ashram, onde estarei un par de semanas.

Xa vos irei contando a medida que poida asomarme... Aquí despedímonos cun sonoro «Hari oooooom», e moitos bicos.

Enviado o: 28, nov.

Asunto: como vivo no Ashram

Levo dous días con morriña, de todos vós que estades aí e que eu só poido traer comigo coa miña memoria. Bótovos de menos. Menos mal que nos queda... internet. E como me respondedes axiña todo parece máis perto.

Nesta segunda semana vou facer o segundo nivel de Ioga, estou indo cun grupo de mulleres, todas hindús, que veñen ó Ashram a facer ioga. Estase ben con elas, parecen vivir con tanta calma, e eu teño que poñer tanta paciencia co meu acelere! Co desexo de aprender máis e máis.

Facemos asanas e tamén cantamos: mantras, kirtan... co harmonio de fondo; é máxico, a imaxinación transpórtame ós contos, as mil e unha noites, as historias dos marahás...

Cada día seguimos a mesma rutina, aunque cada día é un mundo diferente.

5 a.m. soa a campá, é a hora de espertar, o segundo aviso, por se remoloneas, ás

5.30 Tempo para erguerse xa, sen demora.

5.45 Kirtan, pequenas estrofas que se cantan repetidamente acompañadas co harmonio.

6 nesta semana tempo libre, pero na anterior tiven Ioga Nidra, marabillosa maneira de relaxarse profundamente e acceder ó nivel do subconsciente para traballar nel. Vale para sanar cáseque todo –agora xa o sei facer eu soa, aunque ás veces esquezo cousas. 8 fin da clase e tempo para arranxar o espazo persoal.

8.30 a campá chama ó almorzo, hot e salgado, agora xa me gusta, sobre todo o té, moi doce e especiado –todo está moi especiado– neste momento xa vou diferenciando algunhas especias, ricas e con moito lume, así é que temos moita enerxía.

Ata as 9.30 facemos Karma Ioga, traballos na cociña, xardín, limpeza dos espazos comúns...

10 tempo para o chai e as conversas.

Resúltame increíble, pero xa as poden entender moito máis, visitannos persoas que teñen boa pronuncia, con alto nivel económico e «viaxadas».

Hoxe estabamos tomando o té e oín: «Como estás?», é gracioso que tan lonxe poida oír palabras no meu idioma, seguro que poderei ata falar galego, como me pasou en England.

Despois a clase de Ioga

12.30 xantamos sentad@s en círculo ou en dúas liñas frontadas, cun gran plato de metal no chan,



dhal –guiso de lentellas, á maneira hindú– en cunquiñas, ou vexetais, arroz branco sempre, chapatis e unha cousa de aspecto indescribable, doce e especiada.

Ata as 3 tempo libre, o momento de máis calor e sesta. Té e clase ata as 6 que ceamos.

Rematadas as tarefas na cocina podemos reunirnos para discutir sobre as aprendizaxes que estamos facendo ou kirtan de novo.

7.30 tempo libre, ou estudo, ou paseo...

9.30 apagamos as luces... e ata o día seguinte.

Os sabados temos libre, non hai campá que nos esparte e vén moita xente de afora, hai un grupo de nenas e nenos que fan o mesmo que nós, nidra, kirtan, asanas... é moi divertido velos, pásano pipa. Tamen nós.

Unha das cousas máis importantes que nos están ensinando é que todo ten que ser con disfrute, iso invita a medrar e mellorar sen tensións.

A relaxación e o equilibrio son as tarefas, iso trae moitas cousas a refacer na propia vida.

Parece que temos moito tempo, pero hai moito que facer e dúas semanas non chegan a nada.

Estou pensando en volver máis adiante, a finais de decembro podería ser, outro tempo para continuar. E o domingo, libre pola mañán. Pola tarde, moi cedo, hai unha celebración aberta, tamén con moitos visitantes, cantamos, e nestes dous domingos que eu pasei aquí, escoitamos conferencias, a última sobre as bases do ioga, como comer, como sentarse a comer, no chan por suposto, mastigar, respirar... sorprendeume que nos contaran isto aquí, no país do Ioga.

Máis tarde enteireime de que a cultura ióguica está no trasfondo desta cultura pero que hai pouca xente que realmente practica, tamén é por que se están occidentalizando.

Conteille a miña extrañeza a un vello swami –persoa que o abandona todo e que se adica por completo á práctica espiritual– e explicoume que eran cousas moi importantes, porque as facemos mal e logo temos que facer ioga para curarnos. Unha resposta con moito sentido.

O día 5, luns próximo, voume a Tiruvannamalai e alí xa me cambia o tipo de vida, espero poder facer a miña sesión de traballo, agora que estou entendendo con maior profundidade en que consiste a arte de vivir, como din aquí.

Ben, despois desta longa «conversa» xa me sinto moito mellor.

Encántame recibir respostas. Unha grandísima aperta e moito amor, ben quentíño, hoxe xa non é inverno en Bangalore. Máis bicos.

Enviado o: 8, dec.

Asunto: no Ashram de Ramana Maharsi

Ola,ola!!

Veño de pasar tres días no Ashram de Ramana Maharsi, en Tiruvannamalai, 100 km ó sul de Chennai, o antigo Madrás.

Foi unha pasada!!

Non quería moverme de alí, tan ben se estaba, moita paz, a corrente de pensamentos parou e ata os sentimentos se volveron lixeiros.

Converteuse nun estar, aquí, só iso, todo o tempo; normalmente cústame estar nun sitio, este é un lugar para parar e contemplar, a beleza do lugar, dos animais, das persoas, dos cantos e ritos, meditar... sen facer planos de futuro, onde estar, que facer, nada importaba, hai moito amor neste lugar.

Descubrín que o meu corazón ás veces parecía pararse, outras cabalgaba, non sei se pola calor ou polo que estiven vivindo, agora xa parece comportase.

Dende a miña chegada, xa van alá tres semanas, sempre fun atopando o que necesitei, as persoas, os lugares, as informacións axeitadas...

Por primeira vez tiven que comer coas mans, ¡gluppp! foi forte, nun plato feito con follas de palmeiras, no chan, e ata cun pequeno sapiño que se movía polos arredores do sitio que me tocou, uff! Foi como tragarme tódolos noxos xuntos.

Ao segundo día puiden descubrir o pracer de usar as mans e tamén de andar descalza e sentir o frescor da terra nas plantas do pés. Dúas cousas dende sempre prohibidas e agora, o permiso para investigar, sen culpa, nas sensacións.

Onte subín Arunachala, a montaña na que Ramana Maharshi estivo sete anos retirado, meditando nas covas.

Moi fermosa, con agradables sorpresas.

E pola tarde algo pasou, estiven incómoda e sen poder parar algún tempo, querendo irme de min, e ò pouco, un ¡laha!!! e todo foi moito máis fermoso aínda.

Ata a mañán me durou, espertei cunha nova descuberta, o ego asomando de novo anque disfrazado, nunca se pode dicir aquí cheguei...

Despois veu o tempo de preparame para irme e buscarme a vida fóra do ashram.

Sáin de mañanciña á procura de aloxamento e a atoparme con Suma, non había nada libre ata o 20 de decembro!

Mal asunto non ter onde durmir, estiven a punto de coller un autobús, pero ó final xa que ía ser un tempo especial: o Deepan festival, a conmemora-



ción de que o deus Shiva se convertira en montaña, Arunachala.

Quedei por que atopei habitación nunha casa de familia con tele e nen@s, xusto fronte á casa de Suma.

Din que virá un montón de xente, haberá moitas cousas a todas horas e por todas partes, hai moita expectación.

Dispoñíame a investigar a *city* e atopei polo camiño un lindo ciber e aquí estou, cunha semana por diante, metida no meollo de non sei que, pero que irei descubrindo.

Ata outra volta. Moitos, moitos, moitos bicos.

Enviado o: 11, dec.

**Asunto: no Deepan festival**

Namaste!

Teño sorte de encontrar cibers fácilmente, e como me senta ben estar en contacto co «mundo coñecido», aquí estou de novo.

Ando por Tiruvannamalai, ata o 15 teño unha habitación alugada nunha casa de familia, tan ruidosa que me vou de mañanciña a almorzar, ás 7.30 máis ou menos, depende dos días, de se me ergo e fago as miñas cousas antes, e procuro non aparecer máis que para a sesta e á noite; nestes dous últimos días estou sendo afortunada, chove, e parece que as enerxías están máis baixas para tod@s e tamén hai menos ruído.

Celébrase o Deepan Festival, xa vos contei, é moi fermoso, hai moita xente e estase moi ben por aquí, é imposible non compartir a alegría que se move no ar.

Onte pola noite fun á *city* a ver unhas construcións que desprazan sobre rodas arredor do Big Temple, «cars». É algo magnífico, enormes e cheas de cores e un montón de xente tirando por unhas cadeas tan grosas coma brazos. Son semellantes a carruseis sobre enormes rodas de carro, para estar aquí e disfrutalo. Sácanos do templo ás 6 pm, cando empeza a anoitecer e asoma a lúa chea, así que se dá o encontro entre o sol e a lúa, simboliza a unión do masculino e do feminino.

Decátome de que todo está cheo de significados simbólicos e profundos, e hai moitos anos debía estar no contíán.

A miña vida está sendo bastante tranqui, voume enteirando do que se «move» por esta zona, é moi potente e transformador. É un formigueiro de ashrams e «lugares sagrados», resulta fácil sentilo. Estame «tocando» moito, intento entender, pero non sempre podo, así que, estoume deixando levar polo que vai ocorrendo, dentro e fóra, que é o mesmo, claramente. Estase así mellor que coas preocupacións que dá ter que encaixar coa mente, cadrar na memoria o que non se pode porque é absolutamente novo e diferente. Parece moito máis produtivo, e permíteme seguir o camiño de «onde os pés me leven», realmente marabilloso, poder vivilo así, non pensedes tamén aparecen as vellas «neuras» coñecidas, os medos, o máis pequeno cambio no corpo, por se lle ocorre algo que me perturbe ou me impida seguir, atopar onde durmir cando cambio de lugar, ás veces querría falar sen ter que pensar como dicilo e comprobar que sempre queda pálido reflexo do que quería contar, así que non creades que porque todo vai aparecendo cando é necesario sempre é fácil.

As sensacións internas –como estou vivindo todo isto, que pistas sigo...– van mudando ós poucos, xa non estou como fai un día sequera, e non digamos como cando saín de Santiago ou cando cheguei. Agora mesmo é como que se diluíu a busca e deixo que asome o que teña que asomar, e hai cousas que parecen derreterse e sorpréndome a min mesma...

Podo captar máis facilmente onde está a beleza, anque vai acompañado de dar-me conta máis e máis de onde está o horror, e tamén ocorre que por momentos, todo está como ten que estar.

Con moito amor, tanto como se respira agora que o sol xa quere asomar.

Enviado o: 13, dec.

### Asunto: o remate de Tiruvannamalai

Collín un catarro, porque se puxo a chober outra vez!!!

Imaxinade a India, toda pó, mollada, e cos pés, en chanclas, enterrándose a cada paso.

Estiven coas últimas cousas por Tiru, intentei ver a Radha, unha gurú, pola choiva non foi posible, pero de volta fixen un tramo do recorrido o pé da montaña, realmente impresionante, disfruteino moito e logo apareceu o catarro –Suma di que moitas veces ó vir aquí asoman vellas doenzas e que se producen limpeza de este tipo, espero poder seguir con ela, a limpeza, pero ó lado do mar. Así que mañán xa quero irme, a Auroville con Anita, unha amiga alemana que fixen en Bangalore e coa que teño moito en común. Está ben ter amig@s aquí tamén, xa me estaba cansando dos encontros puntuais e sobre todo das despedidas –e de ver os apegos–.

De mañán estiven no Ashram de Shivashakty e pola tarde no de Saradamma, foi ir a un lugar, e a tod@s nos durou horas o efecto, de amor, o mundo está ben cando se está nese estado. Ata o ruído da familia ó outro lado da porta da habitación deixou de molestarme.

É impresionante o que está ocorrendo nesta cidade, viñeron un millón de persoas por que hoxe é o día central do Deepan, levan pasando, sen parar nin un segundo, para rodear Arunachala, dende a mañán que me asomei, ás 8.30 e xa son as 7.35 da tarde e continúan. Acenderon un lume no cumio da montanha que vai durar 12 días, pero Arunachala, está cuberta de nubes e só se ven pequenos reflexos, a cambio hai fogatiñas por todas partes e ole a manteiga que apesta.

Moitas persoas de occidente veñen a pasar longas tempadas e incluso a vivir, «podo pensar e estar en paz» dicíame un home inglés, realmente é coma un paradiso, a pesar da pobreza, a falta de hixiene, a rudeza...

Enviado o: 16, dec.

### Asunto: en Pondicherry

Ola!!

Estou en Pondicherry, nun hotel que depende do Ashram de Sri Aurobindo e a Nai, aínda non me enteiro moito do que ocorre por aquí, debería poñerme a ler primeiro e como ando con catarro, teño moito que facer comigo, ás veces polo día, tamén nos soños, e na sesión de Nidra Ioga asoman cousas que precisan atención.



Fun a un doutor do Ashram que me dixo que os meus pulmóns estaban ben, o que o que me pasaba era unha herdanza do pai, o mesmo me ten dito a homeópata.

A miña veciña de habitación é Anita, é máis fácil todo, compartido, ela prepárame o té de xenxibre que me está axudando a limpar os bronquios, creo que tamén nos imos ir xuntas a Auroville, xa veremos.

Ésta é unha fermosa cidade, foi colonia francesa e nótase moito. Estamos á beirriña do mar, do océano Índico, é impresionante volver a ver o mesmo mar sabendo que ó mesmo tempo está tan distante, cunha diferenza, anque mar bravo, é cálido, agrádecese a brisa fresca durante o día.

Todo en Pondicherry se move ó redor do Ashram, os diferentes espazos: biblioteca, comedor, salas de exposicións, hostais para os visitantes... están espaxados pola cidade, así que, para ir meditar ou visitar unha exposición, ou... doume longos paseos que me permiten observar os ritmos e as persoas, todo é moi diferente do que atopei ata agora, pero paréceme que hai algo que sempre está: o que eu poño, vou vendo como introduzo os meus patróns alí onde vou, é moi interesante, permíteme velos e fartarse e con sorte... despréndense (?), oxalá, a ver se volvo máis lixeira, estaría moi ben.

Ás veces doume conta inmediatamente do que se move, case sempre por dentro, en relación tamén co que ocorre fóra, e outras tardo días en enterrarme.

Unha das cousas que se fixo fácil aquí foi non atopar en cada milímetro do camiño a montóns de sadhus –buscadores do divino que renunciaron a todo– e mendig@s, que confrontan todo o tempo a conciencia, mostrando a necesidade do que é re-

almente importante para vivir, o básico e por contraste todo o que como occidental uso eu, moi difícil de dar resposta sen que se rompa algo cada vez, aquí son vendedor@s de froitas, tambores, pinturas... e os condutores dos rickshaws –auto de tres rodas, o medio máis popular de facer desprazamentos non longos–, os que acosan pero é máis fácil ignoralos, coa desculpa de que están facendo o seu traballo.

Empezo a entender por que algunhas persoas que me fun atopando nos últimos anos –sobre todo mulleres hindús– me dicían que tiña que estar forte para vir á India, é moi poderoso todo o que se move aquí, precisa moita enerxía e mantela sempre alta, é un reto cada acto da vida cotiá; para nós aí, é tan fácil!!!

Moito amor con aires salgados

Enviado o: 22, dec.

Asunto: **Incrible India**

Incrible India!

Foron 8 días en Pondicherry, ó principio moi feliz, pero chegou un momento no que xa estaba esgotado o que pensaba que podía vivir alí, ata un dos últimos días fumos, de turistas totais, a un poboiño de escultores a unha hora e media de distancia, Mammallapuram; é horrible a vida de turista, pero no medio de tanto esforzo: atopamos un templo do século VI a.c. que tiña algo tan particular que as dúas acabamos chorando sen saber por que, pero algo había, así de impresionante, ao lado dunha praia que parecía habitada por pobos xitanos e cabalos –alguén me dixou que a orixe do pobo xitano e hindú, pode ser–.

E eu pensaba que a miña fase de chorar de emoción, ou de non sei que, xa estaba rematada e que xa nada me «movía», e esa mesma noite outra vez, pola beleza da danza de Shiva e Sakti, nunha das noites culturais organizadas polo Ashram.

Ao día seguinte, por fin, un pequeno «encontro» co saber de Sri Aurovindo e a Nai, léndoos, discutíndoos, nos soños... é avanzado e complexo.

Cheguei hoxe a Auroville, lugar moi especial e esperado, é unha gran comunidade fundamentalmente de westerns que queren vivir segundo a liña de Aurovindo, de momento o que sei é que é unha área enorme, ando en bici, e aínda me perdo, mañán terei unha motocicleta e vai ser máis facil, respírase algo diferente, segue sendo India pero hai certo orden e coidado que antes botaba de menos. Levaba dous días cun persistente cabreo pola su-



cidade, a miseria, o acoso de vendedores e os «ma! ma! ma!» continuos que me dirixían para pedir, pero axiña asomou a dor que estaba debaixo, por ver que hai moitas persoas que viven na rúa e ata familias con criaturiñas pequenas, de notar que máis alá do sorriso fermosísimo –que nos adican @s occidentais?– hai unha inmensa tristura nos ollos dos condutores de rickshaws e autos... ata empecei a



pensar que xa non quería máis India, pero aquí todo cambia moi rápido e agora xa quero seguir.

Decidín que catro días en cada lugar, era suficiente, nesta nova fase, ao mellor ten que ver con non querer ver e oír máis.

Hoxe por primeira vez comín algo non hindú: laña e ensalada!! foi unha festa. E o meu corpo, anque con estrañeza, tamén o celebrou.

O catarro está case curado e aínda podo presumir de non ter collido a diarrea que todo o mundo colle nada máis chegar, a ver se segue a boa sorte! Ao día seguinte chegaría a primeira, ao mellor por ter sido tan fachendosa.

Estou con Anita nunha habitación de planta circular, nunha fermosa casa. Un pouco lonxe da movida.

En Pondicherry, onde está o punto central: o Ashram de Aurobindo e a Nai, hai moita vida cultural: danza, música, exposicións... e parece que ocorre parecido en Auroville.

É curiosa esta sensación de chegar de nova a un sitio e pouco a pouco ir entrando nas maneiras; ó principio é estar absolutamente fóra, é como oír unha corrente na que non se diferencia nada intelixible e pouco a pouco a percepción vaise afinando, voume facendo conscente das cousas que só se notan cando se poden despegar as primeiras impresións, tan teñidas coas sensacións da chegada, a estrañeza, as inseguridades...

Tamén disfruto moito de deixar atrás os lugares xa vividos.

Enviado o: 24, dec.

Asunto: (Folerpiñas de neve caendo)

Esta noite vai ser noiteboa e ábrome a vivir o que veña, anque non estou no mellor momento precisamente, nestes últimos días empezou a asomar a fartura das cousas difíciles, a sucidade, a falta de hixiene, a miseria, o acoso de vendedores e pedidor@s, a miña diarrea que chegou onte e espero poder controlar, os medos a non poder, a enfermarse, a non ser capaz de entender, de ser entendida, a perderme, a...

Busco á Sol que partíu fai pouco máis dun mes, e xa non a podo atopar, non sei que pasou! sigo estando comigo, non me sinto soa nin abandonada, pero non podo con algo, aínda non o identifiquei. India era «a India: meu amor», xa non está iso, recoñezo a fermosura e a profundidade que se acadou a nivel de consciencia, pero estou farta do outro pólo.

Como poden estar xuntas a beleza máis sublime: nos sorrisos, nas flores, nos templos, a sabiduría d@s gurús...e o mar de Pondicherry, oscuro polos vertidos, os camiños de Tiruvanmalai cheos das cagadas que os camiñantes deixan nas beiras, os mendigos que viven nas aceras, as formas rudas de trato, a sucidade por todos lados?...

Sei que luz e sombra están unidas, sei que onde máis luz hai máis se ve, todo o que hai...

Estou aprendendo moito sobre min mesma que ó fin e o único ó que podo acceder, doume máis conta de que o que está fóra está dentro tamén... supoño que se me caeu a maxia da India que me inventei, como nos namoramentos.

Empezo a pensar que se me volvo antes tamén estará ben, e como que algo se rematou, xa me cansei, non sei, espero que este desánimo se deba ós medos que asoman e que cando chegue o momento, poida sentir que rematei a viaxe de verdade. Descubro con sorpresa que xa quero volver ó traballo e ter cartos e ter o meu espazo e... que ó mellor a próxima viaxe é por Europa, que polo menos está limpa e non te pillas as enfermidades da miseria, no corpo ó menos.

É moi fermoso o que é fermoso, pero o terrible é extremadamente terrible!!

En fin.

En dous días intentarei achegarme a Amma. A ver se o consigo. Esa é outra, saber que movo peza para algo e que é moi probable que se convirta noutra cousa diferente... e sei que todo isto ten que ver comigo, co meu estado, co meu momento... e que non podo culpar a India nin a ninguén.

Enviado o: 29, dec.

Asunto: en Amma Ashram

En Amma Ashram. Hoxe teño pouco tempo para contarvos. Sáltome o de Auroville polo de agora. Estou en Kerala, Kollan. Hai dúas mil persoas «vivindo» aquí, é fácil perderse, pero estou atopando xente española que me facilita sentir a conexión, e así é moito máis fácil!

Estou pasando un momento difícil coa hindú people, pola sucidade e a rudeza, uffff! de momento podo comer comida occidental e como hai moita xente occidental, está sendo máis levadeiro.

Amma esta aquí e estase realmente ben, hai moito amor «no ar». O meu nadal foi tranqui e con boas sorpresas.

Moi feliz aninovo!



Enviado o: 29, dec.

Asunto: Mensaxe de aninovo

Estou aprendendo moitas cousas, moitas máis das que seguramente vou tendo conciencia, algo vou contando nos correos que envío.

Onte atopei unha parella de Spanish people, e falamos moito do que temos vivido, eles levan tres meses viaxando, ó poder comunicar doume conta de que hai moitas cousas que foron pasando, máis aínda!, e que estou moi curiosa por saber as consecuencias, como me vou sentir aí cando volva; non mo podo imaxinar, tódalas persoas que andastes por aquí me tedes falado cun certo misterio, «cando volvas da India...» teño que facer esforzos por non irme mentalmente ó próximo destino e permanecer co que estou vivindo.

Agora no Ashram de Amma moi ben, xa veremos o proceso. Moitos bicos e feliz ano novo!

Enviado o: 2, xan.

Asunto: Máis mensaxes de aninovo

Ola, ola!!

Xa vexo, polas vosas respostas, que todo desborda bos desexos, así que eu tamén me sumo e que se cumbran!!!

Xa vos contarei o que dixo Amma a propósito do ano novo.

Estase moi ben aquí, a pesar de tanta xente pululando, coa axuda do mar, é azul e verde desta vez, e da dozura que desprende esta zona. Kerala é a rexión máis pobre pero está máis coidada e máis fermosa, se cabe.

A percepción do tempo volveu cambiar, mañán fará unha semana que cheguei, e anque parece unha vida enteira non hai signos de que queira irme, xa non funciona o de catro días en cada lugar, polo momento podería quedarme moito máis, está sendo moi importante o que estou vivindo, difícil de contar, incluso de medir o alcance mentras o estou vivindo.

Todo cambia a cada pouco pero sigo flipando coa sabiduría coa que tropezo a cada paso, é unha pena que algunhas cousas dexeneren pero son os tempos que corren e xa se sabe... nos decimos «é o que hai».

Que todo siga sendo «produtivo» e que o saibamos disfrutar, bicos.

Enviado o: 6, xan.

Asunto: Poñendo ó día as novas

Hoxe teño tempo para sentarme, así que remato algo que me quedou pendente.

Auroville, lembrades que dende alí me vin a Kerala?

É un lugar moi interesante, pretende realizar unha maneira nova de estar no mundo, é unha vila grande, vive unha gran comunidade que se compón doutras máis pequenas, distribuídas como subcomunidades, no espazo tamén; isto permite o contacto cercano, aparecen como áreas con nomes como Transformación, Serenidade, Sabedoría...

Conta con 2.000 habitantes procedentes de 142 países de todo o mundo, de feito é un intento internacional de convivencia en paz entre as distintas culturas, a máis numerosa é a hindú, seguida da alemana... aparece como un pobo moi disgregado pero con actividades de gran cidade, alta tecnoloxía a pequena escala, cine, teatro, concertos... editan unha revista para manter a poboación ben informada sobre os acontecementos próximos así



como das pequenas cousas a resolver para que todo funcione no cotián, parece que o fan ben, teñen boa organización, as interaccións son agradables e sinceras e sobre todo o que os impulsa é o intento de transformar o ser humano, din así: «superando os niveis vital, físico e mental... deixando que a intuición seña o órgano de recepción e que a acción estea rendida á enerxía que realiza a materia, a feminina, shakti, a nai...»

Foi moi agradable desprazarme en motocicleta, era a primeira vez e resultou moi divertido, bótoa de menos dende aquela, ata pensei que estaría ben mercar unha...

Tamén tiña pendente o que nos regalou Amma para aninovo, un precioso discurso en Malayalam que conseguín en Inglés, e que para min non ten desperdicio, é unha muller moi divertida, empeza dicindo que non ten ningún sentido esperar que só porque cambie un número algo cambie, que é preciso o esforzo, pero mantelo durante todo o tempo, non só como un desexo que se fai a primeiros de ano e logo se esquece, ela propón todo un plano semanal que resulta moi suxerente, sinala a necesidade de cada día axudar a alguén... sinxelo e posible, a que si?, e transformador...

Continuo no Ashram, ela foise de «xira» esta madrugada, ás 4 a.m. saíron para percorrer unha zona cara ó norte e facer o seu traballo: escoitar e abrazar a xente que se lle achega.

Está sendo unha experiencia das máis profundas que levo vivido ata agora, a mostra é que xa fai máis dunha semana que cheguei e esquecín a conta do tempo real.

Pero si que me vou ir, o 9, pola noite, collo un tren que me vai levar a Pune, son máis de 30 horas metida nun tren, grande experiencia que me espera, levo moito para ler e como vou ir na litera alta poderei durmir moito, a ver como me vai, o certo é que a miña paciencia está medrando de maneira increíble, xa veremos...

A vida aquí é ordeada, a pesar de que hai tanta xente, anque menos, agora que Amma se foi, está repleta de vivencias, cousas que se moven a nivel interno, encontros significativos, aprendizaxes que non se sabe porque vía chegan, pero o certo é que de vez en cando e como que houbo unha recolleita e algo cambia cada pouco... moi intenso.

Cando nos preguntamos, entre nós, «que tal?» as respostas adoitan ser deste estilo: «pufffff!!!! moito!!!!» e costa traballo atopar palabras que expliquen...

Apareceu unha idea-imaxe que me está asaltando dende hai un par de días e que me fai flipar:

Sinto que o meu lugar esta aí, en Santiago, polo de agora no traballo que tanto rexeitei, na miña familia, e nin que dicir que dende sempre no corazón d@s meus amig@s, e nin se me ocorre pensar en quedar na India; polo de agora, ao mellor cando sexa velliña, se perdo o olfato...

Estades no meu corazón, unha aperta grande. Mañán voume e hoxe estou tratando de controlar a segunda diarrea, eu que estaba de «chulita» fai apenas 15 días, dicindo que non collera a de rigor... e xa van dúas! É mellor non falar...

Descubro estupefacta que todo o que estaba latente asomou cun descaro, que ata dá noxo, a tódolos niveis.

Iso tamén é India.

Enviado o: 13, xan.

Asunto: Pune

Un rápido apunte. Estou en Pune, no Ashram de Osho, foi unha enorme desilusión, un gran negocio new age.

Intento irme uns días a Mystic Village, outro que está a 40 km de aquí, fundado por sanyasins de Osho que viven de maneira sinxela.

Síntome máis que nunca na India, movéndome cos meus propios recursos, buscándome a vida e sen embargo a mente, os soños, algúns desexos... están máis que nunca de volta na casa, en a penas dúas semanas.

Enviado o: 15, xan.

Asunto: en Admenagar

Cheguei ó paradiso

Enviado o: 15, xan.

Asunto: Paradiso 2

O e-m do paradiso era broma, pero é verdade!!! Estou nun sitio increíble. Non teño máis palabras. Intentarei outra maneira de explicar isto e prometo enviálo.



Enviado o: 20, xaneiro

Asunto: a piques de volver

Decidín alongar o tempo no paradiso e non ir a Mumbai máis que de paso para coller o avión de volta.

Sigo no Meherabad Pilgrim Center, o lugar de Meher Baba, e realmente cóstame despegarme, non só a min, ninguén por aquí parece querer irse.

O maior número de poboación é de USA, seguida da hindú e europea, somos tres de Spain.

Converteuse nun lugar para «facer nada» –e non me refiro á actividade externa–, a min só me pasou isto tres veces ata agora, unha en Portugal e as outras dúas nesta viaxe, non é unha cousa fácil de conseguir, ó menos para min.

Agora levo mellor o outro lado da India, o ruído, a sucidade, as multitudes, a contaminación, os mosquitos...

Que ten este lugar?

Esa é a pregunta, a que si?

Parece ser que cada quen atopa algo diferente, din que o Amor se pode converter en calquera destas cousas e máis:

sabenza, alegría, paixón-com, liberdade, coidado... para min hai beleza e paz.

Este parece o lugar ideal para redondear a miña viaxe de alquimista<sup>1</sup>, como o protagonista do libro, eu tamén me estou dando conta de que o máis valioso é o que está no «patio de atrás da miña propia casa» e que sempre estivo aí.

Despois disto quedárame desenterralo... como será iso, con este tipo de tesouros?

O domingo á noite collo un autobús que me vai poñer ás 5.30 a.m. en Mumbai, para coller o avión a Londres e o martes voo de Londres a Santiago... e xa estarei de novo aí.

Teño que dicirvos que foi magnífico acudir de cando en vez ao «buzón» e atopar as vosas mensaxes, era como tervos comigo, tan lonxe e tan perto, foi moi grato comprobar que viaxei comigo e tamén coa vosa compañía, non vos imaxinades a axuda que ás veces supuxo saber que estabades seguindo o camiño comigo. Espero que vos vivisedes tan intensamente coma min esta viaxe ó Oriente Sagrado.

Mooooooooooitos bicos e vémonos axiña. ☺

<sup>1</sup> Ver *El Alquimista* de Paulo Coelho.

## Servicio de Asesoramento das Mulleres

### ■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

**P**ara a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres


**P**ara asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais.

Estamos a túa disposición na **Praza da Constitución s/n.**

■ **Horario de atención ó público**

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 981 57 14 61



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Concellería da Muller



# Pecadiñorixinal

ANA CIBEIRA ©2001

*No need to marry to love you*, diche Betty Page axeonllada disimula o temor sobre o calcañar sete centímetros embaixo da tapiña suxa desexa cravar-se o tacón na puntiña no cu negro o cabelo de coiro pero sen remaches prateados os brazos pintados co o escuro esmalte brillante dunha segunda pel enrugada sobre todo por donde pasa esa vea tan importante para o cabalo e mailas enfermeiras e tamén no antebrazo dereito ó dobrarlo coa finalidade de soste-lo como sostén algo así coma un fular de pura pluma de anxo boxeador lixero ceo azul detrás dos enormes peitos con moita delicadeza a man non se lle ve resgardada baixo a teta zurda prêmea e volve separala só un pouquiño un pouquiño por ver se aínda sinte os latexos abombados na canción explota explota o meu corazón polo desexo ou pola coca esta noite Betty Page son e afundo coma picadores de xeo agullas acibeche na carne rosada alegre quente e insolente por primeira vez confío nestas medias de rede de cabareteira dí mamá un eufemismo porque non lle gusta que soamente me cobran media coxa sobre o papo da perna ou *mazá* de eva ou adán porque aínda non temos claras ti e máis eu as funcións da extremidade inferior alaraxada ardente e insolente que desprazo con tino baixo as lustrosas unllas do polgar e índice estáticos húmidos case como a pel dun animal viscoso o dunhas longuísimas botas altas de pitón de Gucci por exemplo aínda que foi Gaultier o que lle copiou a Betty os suxeitadores da cor dos pecados do travesti que son con lingua de serpe coa que pecarei quero dicir picarei a este mundo fríxido do que só me importa a cálida insignia roxa do valor que é como chama Man Ray ó *rouge* beizo carmín en galego do que tanto dista teu catre campeón home oitentaecinco ou si as temos claras porque esas son as ereccións que che desaproveito sen querer querendo perdón xa cho dixen e non debería pero pídocho polo gato ladrón que es ti e non mamá pretende manterme con froitos bos para comer de árbores placentes visualmente máis eu sufro doutros intensos e ineludibles adocementos e penso que nin sexo nin futuro hai sen Disciplina Disciplina Disciplina por iso vou se-la Señorita Page esta noite haberá un roubo cen por cen á avoa sadomaso de Madonna copieille o look media melena que xusto roza o pendente que alí tamén chega estala por sorpresa como a nosa gorxa partida en dúas nesta guerra outonal orgásmica festa caída das dúas primeiras follas que se nos prohibira porque no amor todo é empezar, vamos, susurr@... 6



# Pilara, de labrega a empresaria

 ANNA AMORÓS PONS

Nunha pequena aldea do interior de Galicia, Trastfontao de Pantiñobre, nace no ano 1935 Pilara, sendo a segunda filla de oito irmáns. Cando aínda era unha rapaciña e con tan só once anos deixa a escola para axudar os seus pais nas faenas do agro:

Eran os duros anos da posguerra [...] e dende moi noviña xa aprendín a facer queixos para vendelos na feira de Arzúa.

Á idade de 22 anos, Pilara casou e foise a vivir a casa da familia do seu home que estaba cerquiña da súa casa:

Aquí había tamén moito traballo [...], era unha casa de labranza grande e moitos a atender [...], os meus sogros, os sete irmáns do meu marido e moi pronto chegaron os meus fillos [...]. En cinco anos, cinco fillos! Esteban, Pili, Puriña, Mari Sol e Xosé Luis e despois, moito máis tarde, veu Carlos [...].

Na casa dos sogros continuou Pilara facendo queixos para vender na feira ou trocar por aceite, ou outras cousas como azucre, arroz ou café:

Eu sempre buscaba un oquiño cando traballaba para poder facer dous queixos ó día, un pola mañá e outro pola noite, cando os nenos durmían [...] e así gañar uns cartos que falta facían [...], canto máis cargadiña levase a cesta para a feira, máis diñeiro para casa!

## Lembranzas dunha época

Pilara andaba polas corredoiras coa cesta enriba da cabeza chea de queixos e de cando en vez ía a caba-lo porque lle permitía levar máis de trinta queixos dunha soa viaxe. Neste intre, a miña sogra sorrií abertamente ó lembrar unha simpática anécdota que lle ocorreu:

Un día que ía andando pola «Costa dos Frades» caín ó río coa cesta chea de queixos!... cando cheguei á feira, asombrada, vin como dentro da cesta, no medio dos queixos, había unha troita... e era ben grandeciña!

Pasaba o tempo, os nenos medraban, ían á escola e Pilara tiña un pouco máis de tempo para facer queixos. A queixeira de madeira que se gardaba no hórreo quedábase xa pequena, polo que falou co seu marido, Estevo, para mercar unha neveira:

Custounos 70.000 pesetas das de entón! [...] Era o ano 1975 e aínda conservo a factura [...] menuda diferenza con ela!, podía facer uns vinte queixos por día e gardábanse máis tempo.

Deste xeito comprobou Pilara que có novo electrodoméstico o seu traballo cundía moito máis. Unha parte dos primeiros aforros foinos gardando para construír, logo de convencer ó seu marido, unha cámara de obra na bodega da casa. Aos seus 50 anos, temerosa pero decidida, Pilara embarcou nunha arriscada experiencia empresarial da que aínda hoxe os seus fillos e fillas, irmáns e marido lembran a súa valentía:

Eu quería que os meus seis fillos estudasen [...], tivesen bos traballos [...], unha vida e un futuro mellor que o meu [...] polo que traballaría todo o que puidera para eles e vin que os queixos eran unha boa saída.

Despois de moito pensalo, Pilara decidiu ampliar a produción, etiquetar os queixos co nome da casa do seu marido e mercar a primeira cuba que cada día enchíase co leite muxido das vinte vacas que tiñan na casa:

Trouxéranola da capital, de Madrid [...] era de aceiro inoxidable cunha capacidade de 500 litros [...] Isto si valía cartos!, miña naiciña, máis dun millón de pesetas! [...] As miñas fillas axudábanme na queixería e cada día facíamos uns 60 queixos que nós distribuíamos polas tendas de Arzúa, Vigo e arredores de Santiago.

Ó longo da década dos oitenta, na comarca de Arzúa rexistráronse un gran número de pequenas fábricas de queixo de carácter familiar. Esta situación orixinou unha grande competencia na produción, polo que Pilara buscou novos mercados:

A solución era exportar fora. Enviamos primeiro queixo a Barcelona [...] e foi moi ben. Despois veu Madrid [...], así que ampliamos a cuba a 1000 litros e o número de vacas a trinta.

Coa axuda de tódolos seus Pilara levantou unha pequena empresa agroalimentaria, cunhas novas instalacións e vari@s traballador@s. A metade dos anos noventa, é o fillo pequeno o que herda a tradición queixeira da súa nai, pero, aínda así e con case 70 anos, a esta muller gústalle cada día ir á queixería:

Boeno, agora xa pouco fago [...], axudo a etiquetar, encintar, pesar, empacotar, revisou os moldes, a limpeza da cuba [...], en fin pequenas cousas xa sen importancia.

No ano 2000, a Pilara, se lle recoñeceu o labor de toda unha vida dedicada á fabricación artesanal do queixo ó recibir, na Cata de Queixos de Galicia, o Primeiro Premio *Denominación de Orixe de Tetilla*, organizada pola Xunta de Galicia:

O mellor premio para min é facer o traballo ben feito [...] o queixo é un produto moi delicado que precisa moitos mimos [...], a súa pasta debe ser branda e cremosa, de cor amarela clariña, de tacto suave e tona elástica [...], despois hai que arroupalo moi ben cunha fina tea de algodón para evitar que se rompa a súa codia [...] porque o queixo hai que coidaloo como a un neno. ☺



Deposeu  
les armes!

# Abaixo as armas!

No ano 2005 conmemorouse o centenario da recepción do Premio Nobel da Paz por parte da escritora e activista Bertha von Suttner. Con este motivo, en novembro do pasado ano, o Centre de Cultura de Dones Francesca Bonnemaison de Barcelona, rendeulle homenaxe coa exposición «Deposeu les armes!», que ao tempo quixo ser, principalmente, un xeito de lembrar as outras moitas mulleres, a meirande parte anónimas, que ao longo da historia loitaron pola paz.

Facemos unha escolma para *Andaina* de tres destas creadoras presentes na devandita exposición comisariada por Bea Porqueres.

## Bertha von Suttner

(Praga, 1843- Viena, 1914),  
Escritora, activista e Premio  
Nobel da Paz 1905



Bertha von Suttner foi unha das moitas mulleres que defenderon a paz a traveso da súa vida e obra, mantendo que un mundo sen guerra é posíbel. O seu nome vai unido ao título da súa novela *Die Waffen nieder* (*Abaixo as armas!*), publicada en 1889. Este libro tiña como obxectivo contribuír a parar as guerras, mostrando as causas, os horrores e as consecuencias. Así o explica Bertha von Suttner cando lembra a súa redacción:

[...] decidira escribir unha narración sobre unha muller nova que perdía ao seu home no campo de batalla e como consecuencia condenaba a guerra decididamente, como o fixera eu de forma gradual. [...] emprendín o estudo de autoridades no tema e lin informes das campañas de 1859, 1864, 1866 e 1870-71, as memorias de diversos xenerais e examinei os informes de cirurxáns, médicos, de campaña e da Cruz Vermella, rastrexando en bibliotecas e arquivos e consultando os despachos diplomáticos que se intercambiaron entre os exércitos durante aqueles períodos.

Armada con este material documental, estaba en condicións de construír a miña historia sobre fundamentos históricos e de desenvolver un argumento no que o tema central fose unha dura campaña contra a guerra. E cando escribín a palabra «Finis» na derradeira páxina, sentín que estaba preparada para levar a cabo algunha acción por unha causa que me era tan estimada.

Bertha von Suttner explicou tamén a relación entre a escritura da súa novela e a súa determinación de defender a paz:

[...] moita xente cría que escribira a novela a causa do meu compromiso (co movemento pacifista). Pero a verdade era máis ben a contraria: a novela foi a causa do meu compromiso.

*Die Waffen nieder!* traducíuse ao castelán por unha editorial barcelonesa e téñense feito numerosas edicións e reedicións, os exemplares destas consérvanse en bibliotecas particulares e públicas.

## Käthe Kollwitz

(Königsberg,  
1867-Moritzburg, 1945),  
artista



Käthe Kollwitz é unha artista coñecida en todo o mundo. Os seus gravados, ciclos gráficos e carteis foron moi populares, no sentido que chegaban a un público moi amplo, tal como era o seu desexo:

Estou contenta de que a miña arte teña intención máis aló dela mesma. Querería influír neste tempo en que os seres humanos están tan perplexos e necesitados de axuda.

Os seus autorretratos –fixo un cento– son seguramente a máis fiel ilustración da súa evolución vital e artística.

Käthe Kollwitz recibiu unha boa formación e na súa xuventude, familiarizouse coas novas correntes culturais e políticas. Simpatizou coas ideas socialistas, co feminismo (despois de escoitar unha conferencia de Bebel, leu o seu libro *Mulleres, pasado e futuro*) e co pacifismo (leu a novela de Bertha von Suttner *Abaixo as armas!*).

Nacida antes da unificación alemana, tocoulle vivir uns tempos intensamente conflictivos que repercutiron na súa obra: a primeira guerra mundial marcoulle para sempre, xa que nos primeiros días da contenda o seu fillo pequeno, que fora voluntario, morreu no fronte. Aos estimulantes días da República de Weimar seguiu o ascenso do nazismo, a súa chegada ao poder e o estoupido e desenvolvemento da segunda guerra mundial, no curso da cal morreu como soldado un dos seus netos. Käthe Kollwitz faleceu o día 22 de abril de 1945, pouco antes do suicidio de Hitler e a caída de Berlín. Viviu, daquela, algúns dos feitos máis relevantes do século XX e actuou con decisión en conxunturas comprometidas: rexeitou publicamente ambas as dúas guerras mundiais, comprometeuse con persoas e causas que a enfrontaban co poder establecido, con grave risco para a súa liberdade e mesmo a súa vida.

Käthe Kollwitz traballou moito e concibiu o seu traballo como unha misión:

É un traballo que me agrada. Poderase repetir mil veces que o que fago non é arte puro, porque ten xa unha finalidade. Pero eu quero, mentres poida traballar, influír co meu arte.




## Marga Ximenez

(Barcelona, 1950), artista e galerista

A instalación *A oitava arma* (2000) presentouse na exposición ao carón dos libros de Bertha von Suttner e de Käthe Kollwitz porque, como as obras de Bertha von Suttner e Käthe Kollwitz, é unha aportación de primeiro orde a reflexión sobre as guerras e as súas consecuencias.

Marga Ximenez coñeceu a obra da comadroa e mestra de obstetricia do século XVIII Angélica Marguerite Le Boursier, chamada Madame Du Coudray (1712?-1790?), que ideou unha *máquina* de demostración, un manequín da zoa pelviana co cal as estudantes poderían coñecer a fondo a fisioloxía do corpo da embarazada e a colocación do feto, así como os xestos que a comadroa ten que facer para acompañar a muller e a criatura a dar vida/chegar á vida. A *máquina* que utilizaba Mme. Du Coudray nas súas clases, conservada no museo de Rouen (Francia), foi o punto de partida para un traballo que Marga Ximenez quería facer e no curso do cal foi interpelada polas brutais noticias aparecidas nos xornais sobre as matanzas en Timor Oriental durante os conflitos que asolaron o territorio no seu proceso de independencia, no ano 1999. Imaxes e descrições de mulleres embarazadas asasinadas e desolladas por milicianos armados, de criaturas arrebatadas do seu ventre, interrompiron e reorientaron o traballo da artista que concibiu así *A oitava arma*.

O que mostra *A oitava arma* son fragmentos de corpos de cintura para abaixo, explicitamente sexuais –destacan as vulvas: dúas ombreiras recosidas ás inguas de pantalóns recheos rusticamente– evitando, sen embargo, o obsceno ou a brutalidade. É a limpeza coa que a artista executa o traballo de costura o que devolve integridade, dignidade e vida a estes corpos ganduxados, sobrefiados, repuntados, suturados polo acto civilizador dunhas mans destramente amorosas, os tecidos –trapos e carne– retornan á vida que Mme. Du Coudray quixo ensinar a dar a luz.

Peza de arte actual, *A oitava arma* é profundamente conceptual e, ao mesmo tempo, vinculada á materia que a sostén: parte da idea que Marga Ximenez quere plasmar e o fai cunha linguaxe composta de materiais e técnicas que a artista domina. 



 ZÉLIA GARCIA

*El eje del mal es heterosexual: Figuras, movimientos y prácticas feministas queer* editado polo Grupo de Trabajo Queer (Traficantes de Sueños, 2005) está composto por doce artigos e dezaioito autoras heteroxéneas, distintas temáticas, para conformar un libro pioneiro no relato do incipiente e humilde movemento *queer* no Estado español, centrado sobre todo nas dinámicas xeradas desde Madrid, e que trazan algunha das liñas mestras para podermos entender a estes grupos autodenominados *queer* desde os noventa, con grupos como LSD (Lesbianas Sen Dúbida) ou a Radical Gai.

Movemento que está marcado pola incertidume, polos enfrontamentos ás liñas maioritarias do movemento LGBT, mais que subliña a emerxencia de novas formas de vida e xeitos inéditos de mobilización política. Algúns sairían á luz pública recentemente, nas mobilizacións contra a guerra, con intervencións *queer* en multitudinarias manifestacións, como a chamada «Operación Rosa», na que activistas ataviadas desa cor e armadas de *parawars* (paraugas contra a guerra) berraban consignas distintas, como «a sexualidade de Aznar francamente me dá igual», «pracer anal contra o capital», ante a utilización de imaxes e gritos homófobos nes-



# Relato de prácticas Queer desde Madrid

## Libros



tes actos anti-guerra, ou «o eixo do mal é heterosexual», grito que dá nome a este libro. Así, deseñaban no espazo público un ollar

distinto, onde a mariconalización do mundo sería o marco perfecto para acabar coa guerra: «guerras si, guerras non!».

Desde a introdución amosan as súas intencións: non renunciar a novas prácticas políticas na rúa, ao mesmo tempo que continuar a reinventarse, pensar(se). A iniciativa que parte da frescura do Grupo de Traballo Queer de Madrid, defínese (ou non) como «unha subcontrata queer con pancartas precarias de emerxencia; depilamos as túas actitudes; podemos ser o que ti queiras».

A politización dos corpos, a forza performativa da linguaxe enunciada por Judith Butler tenta levar a unha encrucillada ao sistema neoliberal no que «baixo unha dobre moral perpetúanse intereses económicos, prodúcense exterminios e cicatrices» (introdución, ob. cit., páx. 17). As activistas *queer* que falan neste libro decláranse inapropiábeis, sabotadoras do sexo xurídico, guerrilleiras dos corpos medicalizados, terroristas do sexo psicátrizado, un nós que resiste.

A actividade destes grupos é relatada tamén con imaxes dos cartaces utilizados contra a sida, das intervencións nas manifestacións do Or-

gullo e o mercado rosa ou con obradoiros de *dragkings* e expresións artísticas que falan da súa relación co xénero: problemática, difusa, impaciente e inquiredante.

Estes artigos lévannos desde a representación dos grupos *queer* no Estado español, as orixes deste movemento cos grupos gays elésbicos que se rebelaban contra o silencio ante a pandemia da sida, a experiencia dunha negralésbica desde os movementos sociais de Madrid, distintas visións sobre a transexualidade, ou mesmo a interesante emerxencia do activismo intersexual «Hermafroditas con actitude», entre outras curiosas reflexións sobre o sadomasoquismo como *performace* de xénero ou as orixes da subcultura gai *leather*, que datan despois da segunda Guerra Mundial polos lazos homoeróticos que xurdiron no exército ianqui após Vietnam.

O esencialismo que tanto é criticado ao longo deste libro tamén ten o seu lugar e aparece nos grupos de discusión que son recollidos ao final do mesmo e nos que, pola miña humilde participación na

casa okupada de mulleres «La Escalera Karakola» e na Comisión do 8 de marzo de Barquillo, se falta a verdade e mesmo se recollen historias que pouco teñen que ver co traballo feminista realizado con ilusión e imaxinación desde este centro social en Lavapiés ou a asemblea feminista de Madrid, e que desde logo non pode ser cualificado de lesbófobo.

Aínda así, podemos falar de máis luces que escuridade nesta obra, do interese de nomear estes espazos de contestación, provocación e visibilidade.

Páxinas que recollen voces diversas de minorías que reclaman representarse a si mesmas, falar da rebelión contra a concepción das identidades como algo inamovíbel e contra as relacións de poder e xerarquías que se establecen dentro desas identidades, e vivir e xestionar desexos e praceres sexuais distintos (e perversos) á norma heterosexual. Paga a pena.

# Axenda

## Puntos de venda

### A Coruña

- Librería Couceiro.** Praza do Libro, 12
- Librería Xiada.** Avd. de Fisterra, 76-78
- Librería Lume.** Rúa Fernando Macías

### Pontevedra

- Librería Michelena**  
Rúa Michelena, 22
- Librería Paz.** Peregrina, 29

### Santiago

- Librería Couceiro**  
Rúa do Hórreo, 9
- Librería Pedreira**  
Rúa do Home Santo, 55
- Baba.** Área Central
- El Kiosko.** Praza de Galicia
- Ártico.** Rúa do Vilar, 49

### Ourense

- Livraria Torga.** Rúa da Paz, 12

## ALGÚNS ENDEREZOS E TELÉFONOS DE INTERESE

### Lugo

**Casa da Muller. Concellería da Muller**  
Avda. da Coruña, 212. Tel.: 982 206 336

### Santiago

**Servicio de Asesoramento das Mulleres. Concellería da Muller**  
Horario: mañá de 10 a 13 / tarde dos luns, mércores e venres de 17 a 19 h.  
Praza da Constitución s/n. Tel.: 981 571 461

### Vigo

**Alecrín**  
**Centro de Documentación, biblioteca, hemeroteca**  
Horario: de luns a xoves, de 9.30-13.30 e de 16.30-20.30 h  
García Barbón, 30 - 5º. Oficina 8  
Tel.: 986 439 459

**Casa das Mulleres**  
Horario: tardes, de 17.30 a 21.30 h  
Rúa Romil, 20. Tel.: 986 442 194

### Pontevedra

**Asesoría Xurídica Mulleribus**  
**Asamblea de Mulleres de Pontevedra**  
Benito Corbal, 36-1º. Tel.: 986 865 028  
Horario: Martes e Xoves de 19 a 21 h  
**Xanela.** Apartado 90. 36810 Redondela

### S.G.I.

Servicio telefónico de asesoramento gratuito. Tel.: 900-400 273

PUBLICIDADE



**AQUANOVA**  
Viajes

Benito Corbal. 16  
986 850 086 (4 líneas). Pontevedra



**Jorian**  
PELUQUEROS

C. Betanzos, nº. 15  
Santiago de Compostela  
Tel.: 981 563 677

QUEREMOS PODER...



XUNTA DE GALICIA  
VICEPRESIDENCIA DA  
IGUALDADE E DO BENESTAR  
Secretaría Xeral da Igualdade



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE  
Dirección Xeral de Creación  
e Difusión Cultural



María Miramontes Mato naceu en Guísamo (A Coruña) o 6 de abril de 1895. Aos 11 anos comezou a traballar nun dos varios obradoiros de costura da Coruña. De nova era xa unha activa participante dos núcleos republicanos femininos da cidade.

Foi militante activa da Irmandade da Fala da Coruña. No mundo nacionalista coñecería ao seu home, o editor Ánxel Casal. O 25 de setembro de 1920 casou con el e entre os dous estableceron unha das primeiras tendas de venda de tecidos por retallos que existiu na cidade herculina.

En 1931 trasládase a Compostela, onde Casal monta unha imprenta no número 20 da rúa das Hortas. Ela contribuíría co seu oficio de modista a financiar o labor editorial, que dous anos máis tarde realizaríase no número 15 da rúa do Vilar, nun local que chegaría a ser emblemático para o galeguismo.

Após o golpe militar fascista e o asasinato do seu marido (alcalde de Santiago naquela altura), embarca para Buenos Aires en novembro de 1936. En Arxentina retoma o seu oficio de modista e mantén moita relación coa familia Seoane.

María morre o 17 de setembro de 1964.

# María Miramontes